



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO(GRUPO MIXTO)

D. Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 20:00 horas do día 14 de setembro de 2015 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES (07/07/2015 e 14/07/2015)

O sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do día é a aprobación das actas anteriores concretamente da do 7 de xullo e da do 14 de xullo de 2015, sométese a votación as dúas actas por separado evidentemente, votacións a favor da aprobación da acta do 7 de xullo, votos a favor. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Nós votamos a favor das dúas actas pero hai que cambiar o nome de Manuel que está mal, de Manuel Ángel.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Unha cuestión tamén de orde agora mesmo, agradezo que as intervencións sexan o máis áxiles posibles, nós intentaremos que así sexa, senón acabaremos aquí a deshora, e que sexan ordenadas ademais tamén, que non haxa interrupcións a ser posible e que nos cingamos ós tempos que están marcados no regulamento.

A segunda é a aprobación da acta do 14 de xullo de 2015, votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación das actas anteriores (07/07/2015 e 14/07/2015)”**.

2- APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O 2016.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día é a aprobación dos festivos locais para o ano 2016. Pois simplemente é unha proposta de alcaldía que neste caso coincide coa proposta que se ten feito tódolos anos, e que en principio tamén é en defensa dos intereses dos veciños e veciñas do noso Concello, polo tanto a proposta para os festivos locais no ano 2016 é o 9 de febreiro (martes de entroido) e o 11 de novembro (San Martiño). Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación dos festivos locais para o ano 2016”**

3- PROPOSTA DO GRUPO DE GOBERNO PARA A SAÍDA DO CONCELLO DE BARBADÁS DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: O terceiro punto da orde do día é a proposta do Goberno para a saída do Concello de Barbadás da Federación Española de Municipios y Provincias. Ten a palabra o Tenente Alcalde.



O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes Concelleiros, Concelleiras, boa tarde público asistente. Este Concello démonos conta por unha xestión realizada na Federación Española de Municipios e Provincias que estabamos dados de alta nesta federación máis non tiñamos a cota ó día, entendemos que a representatividade municipal está suficientemente feita na FEGAMP, na Federación Galega de Municipios e Provincias que temos o asesoramento que necesitamos como Concello nesta federación e polo tanto tomamos a decisión de darnos de baixa na Federación Española de Municipios e Provincias.

O sr. González toma a palabra (PP): Entendemos que o Goberno Municipal do PSOE e do BNG valoraría os proles e os contras, así como a necesidade desta proposta e as consecuencias, é unha competencia súa polo tanto nós en principio non nos opoñemos a este tema, pero si queremos que quede constancia na acta de que o Goberno Municipal anterior non deixou débedas neste tema, ou cando menos débedas das que se teña constancia por escrito.

A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Eu en previsión de que o Partido Popular poñía algún tipo de pega ó que se dixo na Comisión Informativa quería dicir que estas débedas existen e que quedaron de vostedes e que están contrastadas evidentemente, son herdanzas as que nos teñen acostumbrados dende que asumimos as funcións de goberno, vostedes gastaron e gastaron e non pensaron nas consecuencias, estámolo vendo, isto é só un pequeno exemplo e seguiremolo vendo por desgraza.

A sra. Varelas toma a palabra (DO): Boas tardes a todos, a señora Morenza está dicindo que hai unha débeda pois eu considero que si realmente hai unha débeda pois o Concello tena que pagar, haina ou non a hai a débeda.

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, existe esa débeda, xa empecei dicindo a miña intervención dicindo que a través dun asesoramento que buscamos por unha cuestión que xurdiu aquí na actividade normal do Concello, nos puxemos en contacto coa Federación Española e foron eles os que comunicaron que tiñamos unha débeda de cotas impagadas de varios anos atrás, nós de momento non vamos facer fronte ó pago a esa débeda, mentres a Federación Española non nolo reclame, unha vez que nolo reclamen claro que teremos que facer pago desa débeda como atendemos toda as reclamacións que nos fan de todas as débedas pendentes, somos conscientes da nosa responsabilidade, agora ben nós entendemos que non vamos facer ese pago mentres non se nos reclame dalgunha maneira legal.

O sr. González toma a palabra: A ver, na Comisión Informativa non é o que falamos o outro día, o outro día quedou claro e recoñeceu a Interventora que era a primeira noticia que tiña, e para nós tamén é a primeira noticia de que esa débeda está recoñecida non consta nin se trouxo á Comisión Informativa nin



se trouxo aquí ó Pleno, son afirmacións que non se poden face así gratuitamente, e eu quedo que queda claro, precisamente o noso reparo, nós non nos opoñiamos a votar a favor, o noso reparo é que non quede constancia dese tipo de débedas, porque a Interventora que hoxe non está presente, non sei por que motivo, recoñeceu que era a primeira noticia que tiña e que non había ningunha reclamación de débeda por escrito. Dito sexa de paso os estatutos da FEMP, supoño que os lerían vostedes, recoñecen que si hai débedas hai que pagalas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu repito, non hai recoñecemento da débeda por iso non o vamos pagar, cando haxa ese recoñecemento da débeda e a Federación Española de Municipios nos esixa ese pago desa débeda, temos que realizalo está moi claro, pero ata o de agora non hai ese recoñecemento da débeda porque foi única e exclusivamente unha conversación telefónica na que se nos comunica que debemos esas cotas que están pendentes de pago, ata que eles non nolas reclamen xudicialmente, nin legalmente aquí no servizo de tesourería, nin no Concello non temos notificacións, sabemos dela por unha conversa telefónica.

O sr. Alcalde toma a palabra: Se vostedes teñen dúbidas sobre a existencia desa débeda poden facer unha chamada dende Secretaría novamente e verificalo.

A sra. Secretaria toma a palabra: Non porque xa a fixen.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vale, entón existe, ela da fe dá existencia desa débeda, eu era simplemente clarexar que el, ou calquera dos voceiros, ou Concelleiros ou Concelleiras do Partido Popular poden volver a facer esa xestión a través da Secretaria que llo pode confirmar.

A sra. Secretaria toma a palabra: Fun eu a que recibín a comunicación desa débeda a través dunha chamada que fixen para outro asesoramento, estaba o Tenente Alcalde diante e nos dixeron que debíamos cerca de cinco mil euros de cotas atrasadas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo que quedou claro que existe esa débeda, a señora Secretaria da fe da conversación telefónica. Votos a favor da proposta do Grupo de Goberno, votos en contra, abstencións. Queda aprobada polo tanto a saída da Federación Española de Municipios e Provincias do Concello de Barbadás.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, D.O. e Grupo Mixto e as abstencións do PP o seguinte acordo: “**Proposta do Grupo de Goberno para a saída do Concello de Barbadás da Federación Española de Municipios e Provincias**”



4- RENUNCIA DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Cuarto punto da orde do día Renuncia da dedicación exclusiva do primeiro Tenente de Alcalde D. Xosé Manoel Fírvida Plaza.

O sr. Fírvida toma a palabra: Despois de estar traballando con dedicación neste Concello durante dous meses e pico, pois tomei a decisión de reingresar no meu posto de traballo habitual e non cobrar adicación exclusiva ó Concello de Barbadás, sigo mantendo a Tenencia de Alcaldía, a representatividade do Concello en todos os organismos onde o señor Alcalde me fixo representante e este Pleno, por certo, sigo asumindo todas as competencias que asumín no Pleno de organización deste Concello, o único que muda neste caso é que é unha decisión persoal e laboral pola que eu reingreso no meu posto de traballo laboral.

5- MUNICIPALIZACIÓN DA AUGA DE LOIRO

O sr. Alcalde toma a palabra: No citado informe tamén se indica que moitos tramos da rede de abastecemento foron realizados pola brigada municipal, un pozo foi feito polo Concello e hai aproximadamente dous anos o Concello levou a cabo unha obra para facilitar o abastecemento das chamadas casas de abaixo, a todo isto temos que engadir que o abastecemento e reparacións e pago do subministro eléctrico foi sempre a conta da administración local, incluso non hai moito tempo subtraeuse unha parte, unha tubaxe pequena que foi reposta tamén creo que foi dúas veces consecutivas subtraída foi repostada tamén co erario público. Por outra banda hai que destacar que o problema de fondo non é outro que o de velar pola sanidade e potabilidade da auga que se subministra á parroquia de Loiro e polo tanto ós veciños e veciñas da localidade, e baixo esta premisa de importante risco sanitario derívase a necesidade de que a Alcaldía adopte as medidas acaecidas para solventar de xeito definitivo esta problemática. Hai que dicir que a lexislación permite que para garantir a sanidade pública que se declaren obrigatorios a recepción e uso de servizos por parte dos administrados. Paso a explicar cal é o procedemento para proceder á municipalización do abastecemento de auga en Loiro, que os trámites que son os seguintes: o primeiro é o acordo inicial da Corporación, e a designación dunha comisión de estudo formada por concelleiros e Concelleiras que debe respectar a proporcionalidade do Pleno, polo que a proposta da Alcaldía é catro membros do Partido Popular, tres membros do Partido Socialista, dous membros do BNG, un de Democracia Ourenzana, e un do Grupo Mixto, respectivamente, e tamén ten que estar persoal técnico presente, como son a Secretaria, a Interventora e o Xefe de Urbanismo. Esta



comisión ten como finalidade elaborar unha memoria relativa que determine a forma de xestión, acompañando un estudo económico que contemple entre outros o prezo do servizo, e unha vez elaborado este informe e sometido a consideración da Corporación, ten que ser exposto publicamente onde poden formularse as oportunas alegacións, posteriormente pasaría pola aprobación polo Pleno de Barbadás, e unha vez aprobado habería que trasladar todo o expediente á Xunta de Galicia tendo esta tres meses como máximo para poder adoptar unha resolución, intentaríamos que os prazos se acurtaran o máximo posible para poder ter xa unha solución definitiva a este expediente de municipalización. Aquí ademais de explicar o expediente de municipalización dado que o Partido Popular solicitou a comparecencia dos Concelleiros de Sanidade, Serafin Núñez e da Concelleira de Obras que é Victoria Morenza quero intervir eu, comparecendo eu, porque fun acompañado deles dous o que levou basicamente este asunto. Entón ademais de explicar o procedemento administrativo de municipalización do abastecemento, quero informar de todas as xestións que se fixeron para solventar este problema que ven de tempo atrás. Houbo dúas asembleas cos veciños e veciñas de Loiro para revisar e analizar a problemática e coñecer os seus plantexamentos, toda a veciñanza foi escoitada, chegando á conclusión de que había distintas e diferentes opinións, incluso distantes. A primeira asemblea foi celebrada o día 20 de xullo, e a segunda o día 28 de xullo, tamén houbo unha reunión, o Alcalde tivo unha reunión con un grupo de cidadáns da rúa do Buleiro, dado que sufría habitualmente cortes no subministro. Para solventar a ausencia de capacidade da auga de captación de Loiro, o depósito estaba baleiro, o día 21 de xullo din orde de que o subministro de auga se realizase mediante bombeo dende a rede municipal, para que a parroquia tivera un subministro de auga, porque é obrigado subministrarlle un servizo básico. Sinalar que o depósito quedou dúas veces baleiro, dado o elevadísimo consumo que se estaba efectuando, dende o día 21 de xullo ata o trinta e un de agosto o consumo ascendeu a 4.654 m³, é dicir, 4.654.000 litros de consumo na parroquia de Loiro, en 40 días, traducido ó consumo diario este é de 116.350 litros e debemos tres presente que o número de usuarios que hai na parroquia no supera a cifra de 130, deste xeito chegamos á conclusión de que o consumo diario por usuario en Loiro é, por aboado mellor dito, é de 895 litros eu quero que reflexiones sobre este consumo, 895 litros diarios consumidos nunha vivenda de media, isto dende logo non é facer un uso racional da auga., isto é un consumo absolutamente desorbitado e que está sendo custeado pro todos os veciños e veciñas de Barbadás que ata o día 31 de agosto ascendeu a 2.800 € O día 24 de xullo tivemos tamén unha xuntanza na Delegación Provincial de Sanidade para tratar este tema coa Xunta, instándonos esta a solucionar o asunto á maior brevidade posible, e para elo tiñan que reducirse os parámetros de arsénico na billa do consumidor, nesta xuntanza participaron a Concelleira de Servizos



Públicos Victoria Morenza, o Concelleiro de Sanidade Serafín Núñez, e o Alcalde de Barbadás. Hai que destacar tamén que se ordenou realizar unha desinsectación do depósito que supuxo a primeiros de agosto, que supuxo un custo para o Concello de 849,42 € sufragados tamén polo Concello, insisto. Antes de realizar a desinfección do depósito tal e como me comprometé na asemblea que houbo cos veciños de Loiro, encargouse unha analítica da auga que se realizou o día 30 de xullo a unha empresa chamada Iproma, o resultado foi absolutamente contundente, no depósito o nivel de arsénico ascendía a 100 µgr/litro, é dicir, dez veces máis do autorizado pola Xunta de Galicia e polas autoridades sanitarias, insisto non era cinco veces máis como se intentou facer ver en algunha analítica, a día 30 de xullo era de 100 µgr/litro, dez veces máis do que se permite para poder consumir esta auga, despois da limpeza do depósito efectuáronse medicións periódicas do nivel de arsénico, tanto en billa como no depósito. Os resultados son os seguintes: o 5 de agosto (poucos días despois da limpeza), no depósito o nivel de arsénico era 23 microgramos litro, a redución foi substancial, en billa era de 6,9 microgramos litro, o 14 de agosto o depósito presentaba un nivel de arsénico de 18 microgramos litro, en billa de 4,5 microgramos litro e o día 28 de agosto no depósito a presenza de arsénico reduciuse a 10 microgramos litro, e en billa a 3,6 microgramos litro. A finais da semana pasada que rematou fíxose unha nova toma para analizar tendo os resultados a mediados desta semana. Este venres pasado o Alcalde mantivo unha conversa coa delegación de Sanidade indicándosenos por teléfono que a medición importante e relevante era a da billa e que polo tanto e á vista das analíticas expostas antes, a auga que se está subministrando a día de hoxe á parroquia de Loiro xa é apta para o consumo humano. Convín coa Delegación de Sanidade en remitir todas estas probas á Delegación Provincial para levantar todo tipo de restricións, a interlocutora, estou autorizada a dicir o seu nome, é Carmen Fernández Seara, Técnica do programa de augas que ademais foi a persoa que no seu momento detectou esta problemática na parroquia de Loiro. Destacar tamén que a Policía Local estivo con frecuencia en Loiro intentando detectar usos indebidos e irresponsables da auga ademais coa colaboración de veciños da parroquia, entón eu podo anunciar que unha vez que proporcionemos todas estas analíticas á Delegación Provincial de Sanidade a auga de Loiro, a que se está subministrando actualmente á parroquia de Loiro volve a ser potable, é o que podo dicir creo que con iso podo satisfacer as inquietudes en canto á petición de información aquí estou para que vostedes pregunten o que consideren non sei se é conveniente debatelo agora ou ó final. Primeiro o debate dobre a municipalización. Ten a palabra o Concelleiro do Grupo Mixto.

O sr. Padrón ten a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes a todas e todos os presentes, só dicir que



estamos de acordo coa exposición que fixo a Alcaldía sobre este tema.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Estou bastante de acordo cos puntos que falou o señor Alcalde hai en outros que non estou como por exemplo que el me diga que as obras se fixeron con material do Concello de Barbadás, pois iso é mentira, fai 35 anos que eu saiba o Concello de Barbadás non nos deu material ningún para facer unha obra e dubido moito que vostede o saiba porque é deste Concello, naquela época non vivía aquí. Ese é o primeiro tema, o segundo tema a competencia claro que é súa, ten que facer o que fixo pero o que lle pido só é unha cousa, que vostede prometeu nas anteriores lexislaturas dicindo que si, que había que meterse con Viaqua pero que había que cambiar as tubaxes, as instalacións, e quero que cumpra a súa palabra, que non prometa as cousas e despois que se saia pola tanxente dicindo que non hai diñeiro.

O sr. Núñez ten a palabra (BNG): Desde o BNG, non vou a facer unha repetición efectivamente aínda que eu particularmente como Concelleiro desta Corporación estiven en varias asembleas na parroquia de Loiro e en varias reunións como dixo o señor Alcalde, non vou a repetir nos cometidos no contexto que el fixo, si vou a dicir que efectivamente dende o BNG sempre defendemos que se deberan protexer aquelas infraestruturas, véxase neste caso estas conducións de auga que deron servizo durante anos e que os mesmos veciños axudaron a facer, como supor noutro momento en Bentraces ou noutros lugares, é dicir, sempre estivemos de acordo de que este tipo de construcións de puideran manter. A situación efectivamente que se deu en Loiro, era preciso resolvelo, xa que os informes da Consellería de Sanidade acreditaban unhas cantidades moi superiores aos 10mg/l de arsénico, que establece a lei para a auga para o consumo humano, polo tanto chegando efectivamente como ben dixo o señor Alcalde medicións a 50 ou incluso ata 100, polo tanto mantivo ata o de agora a Consellería de Sanidade unha prohibición expresa no consumo destas augas, mentres non se reduciran estes límites legais, que se consideraban polo tanto insalubres, prohibían o seu consumo, incluso cociñar con ela, etc. Efectivamente nestas distintas asembleas que se celebraron cos veciños e veciñas de Loiro se constatou que efectivamente non había ningunha comunidade, tampouco ningunha Comunidade de Augas, constituída ó respecto que as xestionase, nin tampouco había ningún interese por parte da veciñanza en constituír nada ó respecto, porque evidentemente esta comunidade debería ter a obriga de legalizar a situación e garantir a salubridade destas augas que estaban consumindo. Terían que ter informes positivos tanto da Confederación Hidrográfica, da Consellería de Sanidade, de Augas de Galicia, efectivamente, había que entender que efectivamente non había esta comunidade



constituída e que tampouco se manifestou ningún tipo de interese ó respecto, tendo en conta que había efectivamente informes xurídicos que acreditaban que os materiais de construción para a rede de condución, o pozo de subministro, e varias obras que se fixeron, véxase sumidoiros, algún sumidoiro, a rede de abastecemento, se fixeron sempre a cargo ó Concello, aínda que se constatou que si a veciñanza que si axudou coa man de obra, polo tanto sendo os materiais de titularidade municipal, non pode afirmarse ningún tipo de titularidade veciñal ó respecto destas cuestións, porque o material non era dos veciños, era municipal. Acreditando que hai informes técnicos que acreditan que na rede de subministro se encontra nun bo estado, aínda tempo certo tempo, reunía uns requisitos técnicos para un bo subministro de auga da traída. E tendo en conta que Viaqua tiña a concesión por 45 anos deste servizo, unha concesión que ampliou o PP en varias ocasión. A posición do BNG sempre foi moi clara, que por riba doutras cuestións que non podían concretarse, nin viabilizarse, estaba a necesidade e a obriga do Concello neste caso de subministrar auga apta para o consumo á veciñanza de Loiro, polo tanto estivo sempre de acordo en que Viaqua subministrara auga da traída a Loiro, e evidentemente está de acordo na municipalización do servizo da auga na parroquia de Loiro.

A sra. Morenza toma a palabra: O problema da potabilidade de auga en Loiro é outra das heranzas da ineficaz xestión do PP. A principios do verán pasado a veciñanza de Loiro, estamos falando do ano 2014, tivo que afrontar unha cuestión de salubridade, a auga que saía pola billa non era potable porque tiña uns elevados niveis de arsénico, iso lembrámolo todos. Pasou un ano e poucos pasos, ou case ningún, se deron dende o goberno de Freire, tan só se deixou preparada a tubaxe para nun futuro incerto, non se sabía cando, subministrar auga dende Bentraces, sine die, como se diría vulgarmente. O tema quedou unha vez máis sobre a mesa e a veciñanza de Loiro quedou abandonada á súa sorte, co mesmo problema de salubridade mes tras mes, desde o verán pasado. O novo goberno e o Alcalde Xosé Carlos Valcárcel collemos o touro polos cornos e reunímonos cos veciños en varias ocasións e coas veciñas en assemblea para tomar decisións. E xestionamos esta crise sanitaria durante estes meses con rotundidade para buscar unha solución definitiva. A municipalización é practicamente a única alternativa posible, e así quedou claro. Nesta solución coinciden os propios veciños e veciñas, os técnicos e a propia Consellería. Trátase dunha tramitación relativamente lenta para o que nos gustaría, pero necesaria para regularizar a potabilidade da auga de Loiro. Durante o verán houbo medidas de control no uso da auga para evitar abusos, que si que se producían. A Policía Local desprazouse en varias ocasións a Loiro para verificar un correcto uso do líquido elemento e aínda así seguiu produciuse desabastecemento puntual porque se detectou un consumo esaxerado, sobre todo



coincidindo coas fins de semana. Tamén houbo cumprida información dirixida á veciñanza, algo que non ocorrera no mandato anterior, para explicar a situación e indicando as instrucións a seguir. Á veciñanza lembróuselle que a auga non era apta para o consumo e que ante o baixo nivel do depósito e á presenza de arsénico era importante ter en conta que auga só podía usarse para actividades non relacionadas coa inxesta. Recomendouse ademais un consumo moderado. A municipalización será positiva para a veciñanza porque verá mellorada a rede a medio prazo, pois realizarase un estudo para modernizar a rede a través dun plan plurianual. Hai que ter en conta que a actual rede ten máis de 30 anos e ten tido un escaso mantemento durante este tempo. Recibirán ademais a veciñanza un mellor servizo e non se producirá a escaseza que padece unha parte dos residentes das zonas altas. Para o Concello tamén será positiva a municipalización porque a pesar de ser xestionada pola veciñanza os custes de avarías ou roubos estábanse asumindo a Administración Local, tal e como explicou o Alcalde.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boas tardes a todas e a todos. Síntoo señor Alcalde á vista das últimas intervencións pois eu tiña a intención de intervir neste asunto, como vostede dixo algunha vez, sen mirar polo retrovisor, pero non me queda outra á vista de que vostedes o fan tan repetidamente correndo incluso o risco de non mirar cara adiante e estralarse, vanme permitir, que eu mire tamén un pouco cara atrás. Este tema que estamos a tratar non é outro que o de dar solución a varios problemas que de un tempo para aquí teñen moi preocupados ós veciños da localidade de Loiro con respecto ó servizo de abastecemento de auga. Primeiro o aumento da poboación na localidade, á chegada dalgún negocio hostaleiro, o propio deterioro da rede co paso do tempo e o feito de que non se lles cobrara ós veciños polo servizo, facendo un mal uso e abuso dun ben tan prezado coma a auga, contribuíron a que xurdiran problemas tales como: falta do subministro en reiteradas ocasión; problemas de presión; malos cheiros; en definitiva mala calidade no servizo. A maiores, coma todos ben saben en xuño do pasado ano, tras varias analíticas na rede de subministro detectáronse niveis de arsénico por riba do permitido na normativa sanitaria. O que si ten que quedar moi claro é que os veciños non se negaron nunca a adherirse a unha rede de abastecemento de calidade nin a pagar por ese servizo, e moito menos o saber os problemas sanitarios que apareceron, agás uns poucos e que vostedes coñecen moi ben. Así se puxo de manifesto en moitas reunións entre veciños e Concello. Figuran no meu poder copias de actas de esas reunións coma tamén copias de escritos remitidos polos veciños e os seus representantes ó Concello, xa antes de que xurdira o problema do arsénico. Este problema xa foi debatido hai un ano neste mesmo salón. E a solución que



naquel momento formulou o anterior goberno, e que era a única posible pola situación é a mesma que vostedes traen hoxe aquí. Pero daquelas non lles convenceu e agora non lles queda outra que mudar de idea. Iso si, atopáronse vostedes cunha estación de bombeo en Bentraces, cunha canalización ata Loiro e con todos os permisos para podelo facer. Sabedores desta situación, vostedes señores do PSOE e do BNG daquelas na oposición, non se lles ocorreu outra que crisar ós veciños, a través de carteis, escritos nas caixas de correos das casas, nos medios de comunicación e neste mesmo salón, con afirmacións coma estas, foi só cando o goberno do PP decidiu privatizar a auga de Loiro e darlle o servizo a Viaqua cando xurdiron altos índices de elementos prexudiciais para a saúde. Os socialistas esixen que a cambio da cesión da xestión da auga se substitúa totalmente a rede de abastecemento. Para o BNG de Barbadás existe unha clara relación causa-efecto entre o feito da privatización da auga en Loiro e as análises da mesma. Os veciños fixeron a súa inversión inicial e a auga e a rede era deles, está aquí, pódono ver se queren e incluso figura nas actas de hai un ano. O goberno do PP apropiase desta infraestrutura propiedade dos veciños e regálalla a unha empresa privada de forma gratuíta pero a cambio a empresa vaille pasar a cobrar, aínda que se suba a auga limpa de Bentraces, cando se meta na rede de Loiro vai contaminarse, exactamente igual que esta. Valcárcel lamenta que a única solución que ofrece o goberno do PP é a de bombear auga dende Bentraces, pero utilizando a mesma rede de subministración que probablemente sexa a causante do problema. Saben unha cousa, no pobo de Bentraces por algo semellante e de non tanta gravidade, aínda hoxe hai familias que non se falan entre si. En Loiro non vai pasar iso. Eu non vai a pasar polo empeño dun movemento veciñal que hoxe é referente no noso municipio. E tamén porque nós dende a oposición non imos contribuír a desavinzas nin a malmeter entre a veciñanza coma vostedes fixeron. Miren ata que punto se poden crear enfrontamentos que coas súas actuacións contribuíron a que algún veciño non se fiara das análíticas feitas por Sanidade, nin polo Concello nin por Viaqua nin pola propia Asociación de Veciños, que chegaron a encargarse outras porque non se fiaban. Pero claro, cando viron que os resultados amosaban o mesmo problema recuaron. Eses mesmos de quen vostedes recolleron a información para dicir o que dixeron, eses mesmos da súa corda que segundo teño entendido conformaron algunha das súas listas electorais. E agora en nome da cidadanía pídolles que se desculpen, e que así conste en acta, por ter errado nos argumentos, por non ter estudada a problemática a fondo no seu momento, tal e como vostede recoñeceu vostede señor Valcárcel na última reunión no local de Loiro, cando o interpelou por un veciño, por facer demagogia dende a oposición. Pódolles asegurar que unha mala oposición pode facer moito dano en temas tan serios para os nosos veciños e veciñas. Facer unha mala oposición, á



larga termina facendo un mal goberno, e quen dende ela sementaron ventos agora teñen que recoller treboadas. Dende logo polo que respecta ó Partido Popular de Barbadás non imos facer o mesmo que vostedes, por iso imos votar a favor da municipalización do servizo de abastecemento en Loiro. Pero este voto a favor queda condicionado a que se forme unha comisión de seguimento e se comprometan a solucionar, os problemas na rede. Recoller todas as convocatorias de subvencións para tal fin, xa sexan estatais, autonómicas ou provincias. Que as hai. A instalar bocas de rego contra incendios. A instalar botes sifónicos e eliminar os malos cheiros. A garantir a salubridade. E acondicionar coma unha pequena zona de recreo o manancial de Portobarreiros polo cariño que a xente do lugar lle ten despois de tantos anos abastecendo o pobo de Loiro. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: En primeiro lugar, Fina, estou de acordo con boa parte das afirmacións que fai, pero o que non estou de acordo é con, fala vostede de que eu non son de Barbadás, é certo, que polo tanto descoñezo como se construíron esas redes de subministro, como se traballou nela, mire pero hai un informe da señora Secretaria, que eu creo que non mente, afirmo que non mente, e ninguén de nós debería de dubidar do traballo dunha funcionaria do rango da señora Secretaria, ela é a que informa en base a unha documentación, a unha información que tamén lle facilitaron ó anterior equipo de goberno, e polo tanto, ninguén temos dereito a poñer en dúbida esas informacións. En relación ás analíticas, as analíticas demostran que o problema non deriva das tubaxes, é certo, recoñezo que no seu momento se nos informou de que, ou veciños, que nos informaban que probablemente o arsénico na auga procedía das tubaxes, co tempo, coas analíticas, e coa información que nos recabamos demostrase que non, pero aquí hai que dicir algo moi claro, que o Partido Popular nunca, nunca, nunca, o anterior goberno vou dicir, para non dicir Partido Popular, nunca lle facilitou ós grupos da oposición, información acaecida sobre a situación do arsénico en Loiro, nunca, a primeira noticia que tivemos sobre esta situación foi a través de que un veciño ou veciña nos mandou unha fotografía co bando, desde que este Alcalde está levando este asunto, vostede Manuel está informado sistematicamente e puntualmente das analíticas e da situación, ó Partido Socialista, e supoño o Bloque Nacionalista en ningún momento se lle facilitou información acaecida é correcta polo anterior goberno municipal, polo tanto, nós tivemos que recorrer ós medios que puidemos recorrer ós veciños, os veciños que se dirixiron a nós, non sei se correcta ou incorrectamente, pero foron os que nos facilitaron unha información, e con esa información foi ca que nós, oposición, traballamos, e fixemos un traballo de apoio ós veciños, non de alerta nin de sobresalto, nin de intimidación, senón de información, que ese é tamén o noso traballo. A partir de que acadamos



o goberno municipal, esta Alcaldía, estes dous grupos municipais, este grupo de goberno púxose a traballar arduamente no asunto, e de feito iso queda demostrado en que en dous meses os veciños e veciñas de Loiro teñen un nivel de arsénico aceptable, asumible sanitariamente nas súas billas, e inmediatamente o día 21 de xullo, os veciños e veciñas de Loiro no momento en que faltou o subministro de auga, tiveron auga, grazas ó traballo feito anteriormente en canto a ese rede de abastecemento, pero non se puxo en funcionamento nunca, e iso era o primeiro que tivo que haber feito o anterior goberno municipal, era sabendo que había unha auga non potable, pór en funcionamento esa obra que se fixo que nunca o puxeron en marcha, este goberno municipal si que o fixo, ó primeiro problema que xurdiu púxoo en funcionamento, entón, o que si poden ter os veciños e veciñas de Loiro é o compromiso deste goberno de buscar achegas e subvencións para substituír as tubaxes onde proceda, non desde logo unha substitución integral porque non ten sentido, estas analíticas demostran ao 100% que o problema non está na rede, sistematicamente vai baixando o nivel de arsénico, ben, pois eu recoñezo o meu erro, non teño ningún problema en recoñecelo pero é debido a que precisamente se nos facilitou unha información por parte dos veciños, a que non se nos facilitou información desde o goberno municipal. Este partido, falo agora en nome do Partido Socialista, o Partido Socialista presentou preguntas reiteradas por escrito á Alcaldía, e as respostas eran si, non, punto e final, entón, evidentemente temos que facer o noso traballo. Moitas grazas, teñen unha segunda toma de palabra os diversos grupos.

O sr. Padrón toma a palabra: Quero dicir como dixen ó principio que estaba de acordo ca exposición que fixo o Alcalde e estou totalmente de acordo coa exposición que fixo o membro do Partido Popular, iso demostra que debemos retirar estas cousas, son de interese moi grande para os veciños, do debate político e das liortas entre partidos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Quero aclarar unha cousa, eu en ningún momento dixen que desconfiaba ou poñía en dúbida a palabra da señora Secretaria, fala vostede pola miña boca. Vamos a ver hai unha cousa que quero que quede clara, acábanlle de pegar un repaso que eu tería vergonza de estar aí onde está vostede agora mesmo, porque como un político pode dicir é que os veciños informáronme mal, pero vamos a ver, vostede cando ve un problema, cando está na oposición o que ten é que informarse ben, informarse nos políticos, ou nos veciños, facer análise de auga e comprobar as cousas, o que non me vale señor Alcalde é que vostede fai dous anos diga unhas cousas como ben dixo Manuel e agora estea dicindo o contrario, mire é que a min agora vostede



estame parecendo do PP, está propoñendo o mesmo que propuxo o PP fai un ano, entón dígame cal é a diferenza, que agora ocupa o sillón de Alcalde e xa cambian os puntos, de verdade non o entendo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas, ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

O sr. Núñez toma a palabra: Ben, dende o BNG temos que dicir que efectivamente o Partido Popular é sabido por todos tivo durante 28 anos maiorías absolutas neste Concello, gobernou este Concello durante moitos anos, e que efectivamente dende o 2014 detectaron xa este tipo de problemática con respecto a salubridade da auga de Loiro puido efectivamente cambiar este tipo de cuestións, facer, modificar o trazado a condución e sanear esa auga, facer cuestións que efectivamente permitiran que os veciños e veciñas de Loiro tiveran auga apta para o consumo e non o fixo, sempre mirou para outro lado porque era máis cómodo, entenden. Y efectivamente o BNG puido no seu momento dicir que si a auga e a rede era deles, vamos a ver, hoxe dende logo o BNG si ten informes técnicos, informes xurídicos, efectivamente que acreditan un bo estado da rede de saneamento e a titularidade dos materiais co que se fixo, como se fixo o pozo, como se fixeron as obras, que sempre foi o Concello quen estivo detrás deste tipo de cuestións, pondo como dixeran antes a veciñanza a man de obra, por tanto a titularidade da rede como dixeran no seu momento, estaba en cuestión porque efectivamente non se pode entender como municipal, polo tanto eu creo que queda efectivamente claro que había que tomar unha decisión e este grupo de goberno fíxoo, tendo en conta que había que dar auga en perfecto estado dado que o Partido Popular non fixo nunca porque sempre mirou para onde lle conviña, nunca para o interese da veciñanza.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas, ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Vostedes falan de que xa estaba o engrenaxe preparado, o sistema de bombeo preparado, para prestar subministro o ano pasado, por que non o fixeron, agora escúdanse en que de aquelas a nós non nos convencía, ¿pero tiñanos que convencer a nós o sistema que tiñan que poñer en marcha hai un ano e que esperaron un ano para poñelo en marcha?, ¿agora intentan culpabilizarnos a nós?, non, xa dixeran antes que o grupo de goberno tomou o toro polos cornos e buscou unha solución en menos de dous meses podería dicir. Vostedes falan tamén de que nós solicitamos naquel momento unha substitución da rede, evidentemente pedíamos unha substitución total porque pensábamos que o problema como ben dicía o compañeiro Alcalde eran das tubaxes, que as tubaxes estaban contaminadas tamén, non só o depósito, agora que temos informes técnicos sabemos que hai que facer un estudo inicial para ver que parte da rede hai que ir



cambiando, e xa se farán os estudos técnicos e farase un plan plurianual de actuación, con uns estudos económicos evidentemente vamos a pedir estar ó tanto de todas as subvencións e vamos a loitar para conseguir financiamento para levar a cabo esta progresiva substitución da rede no caso de que sexa necesario.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Partido Popular

O sr. Fernández toma a palabra: Cando dicía vostede señor Alcalde que non tiñan información por parte do goberno anterior e demais, teño aquí no meu poder unha acta de hai un ano dunha sesión do Pleno que se daba toda a información e vostede aquí faláron, propuxeron e demais, está aquí, non hai máis. Señora Victoria vamos a ver, si agora alguén dos que estamos aquí chega ó pobo e lle di ós veciños miren, aínda hoxe, a rede de saneamento está mal, que é o que van facer os veciños, presionar para que non se lles cobre nin se municipalice mentres non se arranxe, non teño nada máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Mire, primeira cuestión, señora Fina vostede di que nós non fixemos o noso traballo, si que o fixemos o noso traballo, nós recabamos información onde a tiñamos que recabar, en primeiro lugar no Concello, no Concello e por escrito, non se nos facilitou en ningún momento, segundo fixemos o noso traballo cos veciños, que o noso traballo tamén é informar ós veciños, e recabar información e opinión pola súa parte, estas dúas cuestións están feitas. Despois a cuestión importante é outra tamén falan vostedes de que o Partido Popular, deixou o goberno do señor Freire deixou feita unha instalación que é a que facilita, a que permite que se subministre a auga a Loiro actualmente, perfectamente certo, pero por que non a subministraron desde o primeiro momento en que se rematou esa obra detectando que había arsénico, por que non tiveron a ousadía, o valor de servirlle auga ós veciños de Loiro, e ás veciñas en perfecto estado para o consumo, non o fixeron, e seguramente por covardía política, porque estaban preto as eleccións e a vostedes non lles interesaba ó mellor perder algunha contía de votos nesa localidade. Unha cuestión máis que hai que aclarar, quen asinou un convenio con Viaqua foron vostedes do Partido Popular, entre as cales hai bastantes persoas aquí que estaban nese goberno, ata o ano 2045, que nos deixa atados de pés e mans, non podemos negociar absolutamente nada de novo con Viaqua, ese convenio, esa concesión, fíxoa o Partido Popular, ademais feita a posta, sabendo que era o prazo máximo que a Lei permite para facer unha concesión dun servizo público, o prazo máximo, non o podían haber feito máis longo, utilizouse o prazo máis longo. Pois eu creo que o asunto queda bastante claro, xa houbo dúas intervencións e polo tanto sométese a votación a municipalización da auga de Loiro,



votos a favor. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “Municipalización da auga de Loiro”.

6- CONTA XERAL 2014.

O sr. Alcalde toma a palabra: O sexto punto da orde do día é a aprobación da Conta xeral 2014, ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Esta conta xeral reflicte o estado contable do Concello de Barbadás durante todo o ano 2014. Quero manifestar que en anteriores Plenos por si o Partido Popular ou por si algún membro fai referencia a isto, tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista nos abstiñamos sempre que viña a Pleno á aprobación das Contas xerais, porque entendíamos que era un reflexo contable dos orzamentos elaborados e aprobados polo Partido Popular, agora ben dada a circunstancia actual e por responsabilidade política, nós hoxe este grupo de goberno vai a votar a favor da Conta xeral do exercicio 2014 do Concello de Barbadás.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Conta xeral 2014**”

7- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR TRANSFERENCIAS 9/2015

O sr. Fírvida toma a palabra: Ó longo deste meses dende que chegamos ó goberno municipal de Barbadás observamos que cada vez que viña un informe dos servizos sociais de Barbadás determinando que asistiríamos a familias en situación de emerxencia social con partidas que ás veces non superaban os 190 € 200 € para cuestións tan básicas, como alimentación, enerxía, vestimenta, gastos médicos ou libros de texto, eramos ás veces incapaces de asistir a estas familias porque non existía partida orzamentaria suficiente para poder facer estes pagos. Ante esta situación de extrema urxencia nós decidimos facer unha modificación de crédito retraendo das partidas do grupo 9 adicadas aos órganos de goberno deste Concello, da Seguridade Social dos membros deste goberno, das atencións protocolarias, e das axudas de custos dos membros do goberno do Concello de Barbadás 10.000 € para atencións benéficas asistenciais e celíacos. A comezos de ano había unha partida de 30.000 € adicadas a esta partida, 18.000 € que xa se gastaron na subvención que se lle dá ás familias que teñen enfermos celíacos, 5.500 € que se gastaron no servizo de comedor sobre rodas,



de xantar sobre rodas, e 9.000 € que era a partida que estaba adicada a asistencias sociais, estes 9.000 € gastáronse nos cinco primeiros meses do ano 2015, como dicía antes quedando esta partida absolutamente a cero. Tamén con esta modificación de crédito queremos demostrar que o que dixemos dende o primeiro momento dende este goberno tiñamos razón, é dicir, este novo goberno de Barbadás supón un aforro para os veciños e as veciñas deste Concello, a proba está nun informe feito pola Intervención deste Concello, onde pon que o novo goberno custa ao ano 139.174 € é que o anterior goberno do Concello do Partido Popular, custaba 144.000 € de aí que isto nos permita detraer estes fondos, destas partidas do grupo 9 e adicalas a emerxencias sociais. Eu tamén quero lembrar que foi o Partido Popular quen intentou máis dunha vez enganar á cidadanía deste Concello, tamén creo que deberían vostedes pedir perdón a estes cidadáns por intentar unha vez máis enganalos, pondo carteis por todo o Concello de Barbadás mentíndolle ós noso veciños e as nosas veciñas sobre o diñeiro que gañaba este Goberno, sobre o diñeiro que se adicaba dende os fondos municipais ó sostemento deste novo goberno e tamén das adicacións e tamén das asistencias a Plenos, Comisións e Xuntas de Goberno, o informe de intervención di exactamente o que nós defendemos varias veces neste Pleno e polo tanto isto nos permite facer esta modificación de crédito e adicar estes 10.000 € para emerxencia social que entendemos que non é suficiente, sabemos que non é suficiente pero polo menos dará cobertura a aquelas familias que máis o precisan do noso Concello ata final deste ano, para o ano 2016 cando elaborem os novos orzamentos deste Concello esperamos contemplar partidas con maior cantidade de diñeiro para atender sobre todo como dicía ás familias que peor o están pasando.

O sr. Padrón toma a palabra: Quero dicir que estamos de acordo ca proposta de Alcaldía, e aparte se nalgún momento esta contía se gastase que fixéramos outra transferencia cos cartos que se forran do aforro da dedicación exclusiva do Tenente Alcalde.

A sra. Varelas toma a palabra: Teño que felicitar que por fin nos acordemos da xente necesitada do Concello, paréceme moi ben que haxa estes 10.000 € para axudalos, pero eu quería que non foran 10.000 que foran moitos máis a ver se podemos entre todos arranxar a forma de que se multiplique por 10 eses 10.000. Grazas.

O sr. Núñez toma a palabra: Desde o BNG sempre priorizamos a atención ás persoas, como non podía ser doutra maneira, máis a aquelas que poidan estar en risco de inclusión social. Sempre o reivindicamos desde a oposición e hoxe que temos a posibilidade de facelo pois evidentemente o vamos a pór en práctica desta maneira. Hoxe con esta modificación de crédito para evidentemente



emendar ese erro nos orzamentos do 2015 que o Partido Popular deixou 9.000 € que efectivamente como dixo o Tenente Alcalde se esgotaron en cinco meses e hoxe non hai maneira de afrontar unha situación cando hai algún tipo de emerxencia de afrontalo economicamente por parte do Concello, entón, pois efectivamente este é hoxe o xeito de facelo.

A sra. Morenza toma a palabra: Para o grupo de goberno as persoas son o primeiro. Consideramos, e así o dixemos no debate dos orzamentos en vigor, que a contía destinada a emerxencia social era insuficiente. O aforro que supón o actual goberno respecto do anterior e a aposta que facemos por reducir gastos dos que se pode prescindir, como a atención protocolaria e representativa fan posible esta modificación de créditos. Resulta evidente que non podemos nin debemos desatender ás persoas que máis o precisan porque estamos a falar de subsistencia de familias. Trátase de racionalizar o gasto deixando de investir o diñeiro público en calendarios e revistas de propaganda electoral como se facía ata agora e destinalos ás persoas.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Seguimos coa demagogia do goberno, tanto PSOE coma Bloque seguen mentindo á cidadanía. Pedimos hoxe á mañá o estado de liquidación do presuposto de gastos e a demagogia segue aí dicindo que van a rebaixarse, pois o señor Fírvida vaise, que queda diñeiro aí loxicamente, o goberno agora é máis barato que o do Partido Popular e non o imos a negar dende a saída do señor Fírvida agora mesmo. Non imos a pedir desculpas á cidadanía porque dixemos a verdade en todo momento, de feito unha das preguntas que tremos hoxe ó final do Pleno é que se nos dean copia das nóminas para demostrar que efectivamente tiñamos razón ata a decisión do señor Fírvida da súa saída do goberno. O estado de liquidación do orzamento di que hai partidas neste momento estanlle dicindo á cidadanía que xa fixeron modificacións dentro das Xuntas de goberno para ter, en moitas delas que non tiñan diñeiro coma en cultura, si hai diñeiro, neste momento na gardería hai 30.000 € neste momento a disposición de facer unha modificación de crédito, é dicir, non fagan demagogia ós cidadáns de Barbadás dicindo que llo retiran dos seus soldos e das atencións protocolarias, hai facturas pendentes de pago nesas partidas, todos o sabemos, pero segan dicindo a verdade ós cidadáns, cando queiran algún deles e dos que están aquí presentes ver a liquidación do orzamento verán que eles están dicindo que non hai diñeiro en moitas partidas que si hai, que hai modificacións feitas como cultura, é que sigo dicindo que hai diñeiro, puxen un exemplo na gardería e que en calquera momento señor Padrón pódense facer modificacións para atencións sociais, que non digan que se sacan das retribucións dos seus soldos, á cidadanía hai que dicirlles a verdade, pódense sacar doutro lado.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Vispo. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Primeiro a proposta que nos fai o voceiro do Grupo Mixto por suposto terémola en conta, se esta partida antes de rematar o ano 2015 esgota en gasto en emerxencias sociais ás familias teremos en conta a súa proposta para facer unha posterior modificación de crédito outra vez con cargo ás contas do grupo 9 para pasar diñeiro para esta partida de emerxencia social. Grazas señora Fina pola súa proposta, pola súa actitude, e señora Chelo eu non me vou, primeiro dicirlle isto, sigo traballando neste Concello, polo tanto vou seguir nesta casa, e fago referencia a dúas cousas, primeira, en varias Xuntas de Goberno, repítolle, onde chegaban informes dos servizos sociais solicitando diñeiro para familias en risco de exclusión social, non tiñamos diñeiro para pagarlle a esas familias, non señora Chelo, non tiñamos porque o Partido Popular non nos deixou nin un só euro nesa partida, non, non intente vostede manipular e enganar, que isto xa non lle deu resultado, cambie vostede a súa estratexia, cámbiena porque isto xa non lles da resultado, en esas Xuntas de Goberno hai actas das Xuntas de Goberno, hai actas que levantas as funcionarias desta casa, onde nós nos viamos incapacitados para atender as emerxencias sociais que nos chegaban dos servizos sociais deste Concello, non había partidas, claro que se poden facer modificacións de crédito, pero para facer unha modificación de crédito hai que detraer partidas doutros capítulos, claro, é certo que poderíamos sacar partidas doutros capítulos, pero nós entendemos que para iso a cidadanía nos elixiu para representalos, e esa é a nosa responsabilidade, entendíamos que podíamos prescindir de atencións protocolarias, neste Concello se acabaron os pinchos e as empanadas e as talladas de polbo, acabáronse, as representacións públicas, as revistas, e todos os gastos ostentosos de representación, non vai haber máis, e estamos demostrando, e se quere eu lle fago a fotocopia deste informe de intervención, que o novo goberno municipal custa 139.174,82 € ó ano, que supón un aforro de case 5.000 € respecto ó goberno no que vostede tiña adicación, e polo tanto nos podemos permitir o luxo de adicar este aforro que supón o novo goberno municipal, nos podemos permitir iso pasalo ás partidas de emerxencia social, ou a que quere que adiquemos o diñeiro que antes cobraban de máis os membros do goberno, pois nós entendemos que non hai mellor adicación que adicalo a emerxencias sociais, polo tanto non siga vostede mentindo, e o que digo, se agora como dicía o señor Ramón non queda diñeiro de aforro no futuro dos salarios que nos aforramos ca miña adicación, adicarémolo tamén de bo grado a emerxencia social.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.



O sr. Padrón toma a palabra: Só por alusións, é evidente que si queremos levar cuartos a emerxencias sociais será mellor sacalos das retribucións dos gastos protocolarios do goberno antes ca doutra partida, primeiro será iso, se despois se puidera sacar doutras partidas cuartos, nós apoiaremos sempre esas propostas, está moi claro, pero primeiro será quitar cuartos do protocolo. Polo tema das retribucións a ver se acabamos con este debate perdendo tempo, simplemente é ir onde a Interventora, pedir os informes calquera cidadán pode solicitalo por escrito creo, que a Lei o permite e lle pode dar un informe das retribucións.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu repetir un pouco o que falei antes, temos que loitar entre todos para conseguir máis diñeiro, ou facer actividades, ou sacalo doutras partidas ou de onde faga falta, porque á xente témoslle que dar de comer, témoslle que dar educación, temos que axudar ás persoas que o están pasando mal no Concello.

O sr. Núñez toma a palabra: O Partido Popular efectivamente segue na liña que leva moitos anos neste Concello, e noutras institucións de mentir máis que falan, é dicir, vostede de cada dúas palabras contan tres contos, é o que fan. Vostedes destinaron para o orzamento do 2015, 9.000 € para emerxencias sociais, ese diñeiro evaporouse entre maio e xuño dende esta Concellería na que eu traballo, si efectivamente temos que resolver algún tipo de incidencia deste tipo non hai diñeiro para afrontalo, hai que estar buscando debaixo das alfombras para ver, a ver onde se pode raspar diñeiro porque vostedes orzamentaron mal, hoxe destínase, hoxe faise este expediente de modificación de crédito para intentar conseguir efectivamente viabilizar esta cuestión e axudar a quen ten máis dificultades para afrontar o pago dunha hipoteca, para dificultades alimenticias para a cuestión que sexa, hai que evidentemente axudar a quen menos ten, é dicir, menos paparotas, menos revistas, menos folclores que facían vostedes, e efectivamente gastar o diñeiro nas necesidades máis imperiosas que ten a xente.

A sra. Morenza toma a palabra: Entendemos que no Partido Popular poñen en dúbida o informe da Interventora, entendemos iso, existe un informe da Interventora que di que existe un aforro e que existen unhas contías de 139.000 e 144.000 que o que custaba o grupo de goberno do Partido Popular e 139.000 o que custa o grupo de goberno actual a miña pregunta, gustaríame que conste en acta, e que a voceira do Partido Popular responda, si pon en dúbida un informe feito pola Interventora do Concello de Barbadás.

A sra. Vispo toma a palabra: Non poño en dúbida en ningún momento o informe da Interventora, eu só quero facer os números, que nós vamos a pedir as nóminas do Concello e o demostraremos, eu



non poño en dúbida ata que sexa demostrable, todo o mundo se pode equivocar e xa o demostramos anteriormente. Entón señor Sarín contéstolle a vostede, vostede agora mesmo está neste goberno, leva esta Concellería, e senón hai diñeiro vostede ten a responsabilidade e trae ó Pleno no que todos estamos e vamos a votar a favor, o Partido Popular, desas emerxencias sociais e desa modificación de crédito, en ningún momento o Partido Popular vaise negar a elo, pero que saiba que había unha partida, non é que non houbera diñeiro, sino había e esgotouse, o lóxico é que vostede neste momento que está gobernando poña diñeiro, faga unha modificación de crédito, perdón a mis palabras, faga unha modificación de crédito e que o Pleno tome a decisión oportuna como a vamos a tomar eu creo todos a favor, de todas maneiras quérolle contestar ó señor Tenente Alcalde, que estamos, que respectamos a decisión persoal que se vaia, pero ben deixa claro que un Concello de 10.500 habitantes non pode deixar de ter un responsable ó fronte do mesmo, o Alcalde debido á súa profesión non pode adicar o 100% do seu tempo ós seus veciños, e agora o Tenente Alcalde renuncia á súa dedicación, vostedes non cren que os veciños merecen unha atención personalizada dun de vostedes, din que verán ó longo destes meses, como funciona o Concello e se tomarán novas decisións, levamos tres meses dun Concello ingobernable, sempre probando novas medidas, facendo cambios sen ser consecuentes cas súas decisións, cambios de persoal, cambios de situación, servizos con pouco persoal, crean asociacións sen orde do día escuras e con fins partidistas para controlar os servizos. Onde queren chegar, criticaron durante anos a adicación do Alcalde que non era o 100% e agora vostedes deixan este Concello á deriva, señor Alcalde abra os ollos e busque unha solución rápida, que farán os veciños cando teñan un problema, esperar a que se lle dea hora para recibilos como vostede está facendo, un Concello non funciona así, ten que dar resposta inmediata ós seus cidadáns, señor Fírvida todos sabemos cal é o seu problema persoal e o respectamos, pero, ¿non sabía hai tres meses o problema que ía a ter?. Este Concello é un despropósito seguiremos esperando a próxima sorpresa coma todas as que veñen pola súa parte.

O sr. Fírvida toma a palabra: Nós non pensabamos que un punto no que se viña a facer unha modificación de crédito para emerxencia social puidera levar ó debate que estamos tendo, non o pensábamos. Ben, vamos a ver, a responsabilidade non é só do Concelleiro de Servizos Sociais que tamén o é atender á cidadanía deste Concello, senón que é responsabilidade de todas e todos os membros deste goberno municipal asistir ás persoas deste Concello. Di vostede que se esgotou a partida que tiña determinada o Partido Popular nos orzamentos, non sabían vostedes que había crise económica, non sabían vostedes cales eran as emerxencias sociais dos anos anteriores, sen embargo,



sabendo todo iso foron quen de adicar 10.000 € a gastos de atencións protocolarios e de representación cando son absolutamente superfluos a mesma cantidade, por certo máis diñeiro a gastos de protocolo 10.000 € que a emerxencia social 9.000 € e canto custaba por certo a revista que vostedes facían no Nadal de todos os anos para maior 9.000 €, non, a revista que facían para dar publicidade ó goberno do Partido Popular, así que vostedes a inicio de ano non sabían canto diñeiro se ía a necesitar para emerxencia social pero si sabían que íamos a gastar 10.000 € en gastos de protocolo e todo o diñeiro que gastaban vostedes en outras cuestións menores. Agora queren abrir un debate novo sobre este goberno sobre os cambios que estamos facendo, estamos aplicando o sentido común nesta casa, entre outras cuestións estamos aplicando o sentido común intentando aforrar en moitos servizos que había gastos que eran absolutamente irracionais e que no se explicaban na mellora da xestión para nada no funcionamento deste Concello e estamos intentando de organizar o persoal e todos os servizos para que funcione mellor esta casa, por certo, intentando tamén atender ós cidadáns do noso Concello en horario laboral de oito a tres, polas tardes, sábados ás mañás, etc, isto é o que está intentando este novo goberno, algo que nunca na historia de Barbadás pasou, non, nunca na historia de Barbadás as oficinas abriron de oito a tres, nunca se atendeu á cidadanía polas tardes, e nunca se atendeu ós sábados ás mañás, e este goberno está intentando aplicar un criterio respectando desde logo os dereitos laborais, aplicar un criterio para garantir asistencia a todos os veciños do noso Concello, e claro o que xa é absolutamente demencial. Eu creo que a señora voceira do Partido Popular padece de trastorno bipolar porque hai menos de un mes e medio neste mesmo Pleno presentou unha moción pedíndolle ó novo grupo de goberno que tivese menos adicacións e menos salario a este goberno, e agora que vamos a ter menos adicacións vostede oponse e di que lle parece mal.

O sr. Alcalde toma a palabra: É certo e así o afirmo que a revista custou 8.900 € e máis digo para que o saiban todos os veciños e veciñas deste Concello, a citada revista non se imprimiu neste Concello, é dicir, vostedes destinan 9.000 € no orzamento do ano 2015 para emerxencia social que é o mesmo que custa unha revista que volvo a repetir, que a fixeron neste Concello e obra no meu poder esa factura porque a pedín antes da toma de posesión, cando se imprimiu ademais. E dicirlle a señora Chelo, señora Chelo os veciños deste Concello están perfectamente atendidos, no momento en que me chaman este Alcalde chámaos, e concreta con eles horarios de atención, e entrevista e soluciona problemas, e dicirlle que este Alcalde incluso ten estado atendendo a veciños das doce da noite á unha da madrugada, por se non o sabía, pero si, seguro que o saben, o que pasa é que é moi



fácil facer demagogia e o señor Tenente Alcalde está facendo o mesmo, polo tanto os veciños e veciñas deste Concello están perfectamente atendidos, e non me vou a estender máis sobre o asunto. Ten dereito a unha quenda de réplica por alusións, pero breve, por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: A ver, creo que non vou a entrar máis, creo que os veciños que están aquí acompañándonos están claros de que temos os presupostos, a liquidación podémola ensinar ós cidadáns, e segundo o señor Tenente Alcalde creo que ten que pedir desculpas ás persoas que teñen esa enfermidade, eu creo que si, porque en primeiro lugar, eu non fixen esa moción que vostede di, eu pedín a rebaixa de soldos, pero fíxoo outro grupo que está aquí e confirmouno agora mesmo, en primeiro lugar pida desculpas porque eu non teño enfermidade, grazas a Deus, e os que a teñen bastante teñen co que teñen nas súas casas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, non me costa nada pídolle desculpas señora Vispo, non quixen para nada dicir nada sobre as persoas que teñen esa enfermidade, referíame unicamente a súa actitude que muda en espazo dun mes e medio sobre os salarios e sobre as adicacións neste Concello, en todo caso ten vostede toda a razón, pido desculpas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sométese a votación a aprobación do expediente de Modificación de créditos por transferencia 9/2015. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte **acordo:**
“Aprobación do expediente de modificación de créditos por transferencia 9/2015”

8- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA CASA DA CULTURA DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a aprobación inicial do Regulamento Municipal de utilización das instalacións da Casa da Cultura de Barbadás, trátase de someter a aprobación inicial do regulamento de uso das instalacións da Casa da Cultura, un regulamento que fala das persoas responsables do seu uso, dos dereitos e deberes das persoas usuarias contempla horario de funcionamento así como os criterios para a cesión de espazos e criterios de cesión, finalmente contempla tamén un réxime sancionador en cumprimentos diversos, ten a palabra a voceira do Bloque Nacionalista Galego e Concelleira de Cultura.

A sra. González toma a palabra: O presente regulamento está feito para dar a unha vella demanda da cidadanía que é o que a Casa da Cultura se use de xeito equitativo e igualitario entre todos os



colectivos que poidan acceder, e por outro lado sexa un contedor de cultura para o Concello de Barbadás, dado que é o único espazo no Concello de Barbadás capaz de subministrar cultura, capaz de recoller propostas culturais desde fóra para dentro e desde dentro para fóra.

Ao longo do Regulamento, como ben dixo o señor Alcalde, recóllense as normas relativas a dereitos e deberes dos usuarios e usuarias, o seu funcionamento e horarios, tipos de actividades e criterios de cesión de espazos, e neste punto por suposto, priorízase a cesión dos espazos a aqueles colectivos culturais de Barbadás. Asemade establece o uso de diferentes espazos e tamén un réxime sancionador no caso de incumprimento das obrigas.

En definitiva, trátase dun documento que pretende por un lado establecer criterios de equidade e igualdade de xeito que non se dean circunstancias coma a que unha asociación X se lle deixa a Casa da Cultura nun momento determinado e á seguinte non se lle deixen por razóns X que os cidadáns e cidadás deste Concello non acaban de entender. E por último dicir que a Casa da Cultura a día de hoxe está composta por un auditorio cultural que é o único municipal que é o único que hai, neste momento aquí en Barbadás e está composta por unha biblioteca que actualmente vai a pasar a haber outro espazo que sería a biblioteca infantil municipal de Barbadás que abrirá proximamente, e neste sentido nada máis, eu creo que teña maiores problemas este regulamento en si pero en todo caso hai un período de alegacións para facer as propostas oportunas para poder melloralo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada simplemente dicir que estamos de acordo co regulamento

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira do Grupo de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Estamos de acordo co tema este, co regulamento

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

A sra. Pérez toma a palabra: Dende o Grupo Socialista consideramos que este regulamento municipal é totalmente necesario e será un valioso instrumento para mellorar o funcionamento e a xestión da Casa de Cultura, deixando claramente definido a natureza cultural das actividades que nela se desenvolverán e o seu máximo obxectivo que é o de ser punto de referencia sociocultural do Concello de Barbadás. Con este documento dáse un paso máis na transparencia da xestión deste goberno, expondo publicamente para o coñecemento de toda a veciñanza non só o a normativa de funcionamento da Casa da Cultura senón das canles de participación, de utilización de espazos, de



suxestións, así como dos dereitos e das obrigas das persoas usuarias. E queremos subliñar algo que consideramos moi importante: que neste regulamento expresase a intencionalidade de dar acollida e resposta ás iniciativas comarcais que poidan xurdir, dende os diferentes colectivos, isto mostra un xeito de abrir portas a todo o Concello e a toda a cidadanía. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceiro-voceira do Partido Popular.

A sra. Carril toma a palabra: Boas tardes a todos e todas. Desde o Grupo Municipal de Barbadás estamos de acordo co regulamento, excepto no último punto do artigo 9, que di concretamente “as actividades dos partidos ou grupos políticos agás no caso de disposición da Xunta Electoral”, aquí temos que dicir ó señor Padrón e á señora de Democracia Ourensana que isto nos prexudica a todos, e tamén ao grupo de goberno, tanto o Bloque como o PSOE, porque se quere reunir un grupo político con algún colectivo de veciños, ata agora víñase cando o grupo de goberno tanto BNG como PSOE estaban na oposición sempre que solicitaron a Casa de Cultura por escrito, e déuselle nunca tiveron ningún problema., entón nós a única pega que poñemos é esa, se nós como colectivo queremos facer un acto institucional o Partido Popular, BNG, PSOE, Grupo Mixto e Democracia pois gustaríanos contar co auditorio, o regulamento vémolos perfectos estamos de acordo a única pega que lle poñemos é esa. E despois tamén algunha dúbida se o coordinador ou director vai ser a mesma persoa, se van contar cos traballadores da Casa de Cultura para eses postos ou van a poñer a alguén de forma aleatoria.

O sr. Alcalde toma a palabra: En relación ó último asunto, en relación que dicía vostede da disposición ou da disposición do espazo do auditorio, considero que é imprescindible que a Casa de Cultura sexa posta en valor para actos culturais, a política ten que estar noutro lugar. Ten a palabra a voceira do Grupo Nacionalista

A sra. González toma a palabra: En todo caso faga vostede as alegacións que considere e despois se traen a Pleno e iso. Dende o punto de vista do goberno e desta Concellería considerouse que a Casa da Cultura dado que é o único lugar no Concello de Barbadás que ten un auditorio de levar cultura cara a fóra e que entre cultura nela que se proxecten actos culturais e cultura dende aí, como é o único lugar parécenos que se debe usar exclusivamente para iso a no ser que a Xunta Electoral determine outra cousa, en campañas electorais fundamentalmente, o que pasou ata agora na Casa da Cultura era que os partidos políticos ou para actos políticos ou asociacións de veciños, ou asociacións X solicitaban a Casa da Cultura e sen existir criterios previos caíase en tremendas desigualdades ou cando menos así nos chegaba a nós, e nos segue chegando a nós, esa



discrecionalidad de deixar a Casa da Cultura, e sobre todo o auditorio, polo tanto a idea é utilizar a Casa da Cultura como un lugar para facer cultura, exclusivamente. Con respecto ó director, a ver non me queda outra que responder, que queres que poñamos ó director como faciades vós a dedo, pois non, mira, hai un coordinador cultural, agora mesmo contamos con uns traballadores, hai un coordinador cultural neste momento, que non se chama director nin foi contratado como director cultural, ata onde eu sei que está facendo as labores de coordinador cultural da Casa da Cultura que por certo moi ben, e supoño que vós o coñecedes ben porque as dúas estiveses en Cultura e que tedes a mesma valoración con respecto a esta persoa do seu traballo e dos traballadores da Casa da Cultura a día de hoxe co cal ata que un día salga a praza de director que ata o de agora non saúu estableceranse os oportunos criterios haberá unhas pautas para definir que é un director da Casa da Cultura quen pode ocupar ese posto e supoño que en todo caso ou ben a través de elección do tipo que sexa a través de concurso público haberá algún tipo de mecanismo de elixir un director, para elixir ou para determinar quen sexa o director.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto. A voceira do Grupo Socialista. O voceiro do Partido Popular

A sra. Carril toma a palabra: Vamos a ver, nós non estamos pedindo ter reunións continúas na Casa da Cultura como grupo político, estamos pedindo para calquera acto constitucional que haxa, datas moi limitadas, non estamos que vamos a ter unha reunión, non, pois pode darse calquera acto que poidas ter do Partido, tanto o noso coma o voso, pois que haxa unha xuntanza no Concello de Barbadás de concelleiros do PP dos concellos de arredores, pois ter un sitio aseado para poder xuntarnos, simplemente é iso nada máis, non estou dicindo que nos teñamos que reunir constantemente, senón a onde imos que espazos podemos utilizar, esa é a miña dúbida, senón podemos utilizar o auditorio da Casa de Cultura a onde nos diriximos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aí respóndolle eu, en primeiro lugar facía vostede un tema en relación ós traballadores da Casa de Cultura, eu creo que todos temos a sensación e a seguridade de que os traballadores da Casa de Cultura fan un traballo magnífico, e demostrárono ó longo de todos estes anos, incluso cos seus horarios. En segundo lugar en relación á crítica ou proposta que fai sobre os usos e a disposición do auditorio para actos distintos a cultura, pois tamén temos o Centro Empresarial Transfronteirizo, e tamén cabería a posibilidade se vostedes non houberan cedido a Escola da Música á Deputación como a cederon, pois ó mellor haber disposto dese local, o Museo da Música, perdón. Presenten as alegacións oportunas e serán analizadas, e polo tanto agora despois das



segundas quendas de intervención, corresponde a votación. Votos a favor, votos en contra, abstencións. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSOE, BNG, DO e Grupo Mixto, e coas abstencións do PP o seguinte acordo: **“Aprobación inicial do Regulamento Municipal de utilización das instalacións da Casa da Cultura de Barbadás”**

9.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADAS SOBRE ACTUACIÓN PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIAL NOS COLEXOS PÚBLICOS FILOMENA DATO E RUXIDOIRO.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a Moción do Partido Popular de Barbadás sobre actuación para mellorar a seguridade viaria nos colexios públicos Filomena Dato e Ruxidoiro. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: O Grupo Popular de Barbadás, na súa vontade de mellorar a seguridade viaria do Concello, punto que levaba no seu programa electoral, elaborou unha serie de actuacións, para mellorar a accesibilidade ós Colexios Públicos Filomena Dato e Ruxidoiro, e que xa foron reclamadas por usuarios e veciños das zonas de actuación. O que solicitamos está contrastado por persoal técnico na materia e que nos asesorou á hora de elaboralo e que non ocasiona ningún trastorno, ó contrario, pensamos que os beneficiados serían os usuarios dos colexios e os veciños da zona. Por todo o sinalado anteriormente plantexamos a seguinte MOCIÓN:

Medidas no Ceip Filomeno Dato:

- 1.- Sinalar toda a zona como área de 30 e zona escolar nas estradas das rúas Tomás Rodríguez Punxín, Ensino, e Picouto.
- 2.- Pintar novos pasos de peóns na Rúa Picouto e Rúa do Ensino coa Rúa da Presa.
- 3.- Rúa da Presa de sentido único de saída.
- 4.- Os autobuses terían que entrar polo sentido normal da marcha é dicir pola Rúa Picouto e logo estacionar na fachada do centro, na Rúa do Ensino.
- 5.- Colocar redutores de velocidade nos pasos de peóns para unha desaceleración antes de chegar ó paso.
- 6.- Si fora viable, elevar os devanditos pasos de peóns.
- 7.- Sinalar a fachada para zona reservada a Bus escolar, en horario lectivo.
- 8.- Valar a zona próxima á entrada ó centro e canalizar aos alumnos cara ós pasos habilitados,



evitando deste xeito as saídas repentinas á vía.

9.- Contar sempre con presenza policial ás horas de entrada e saída ao colexio.

Medidas no CEIP o Ruxidoiro:

- 1.- Prohibir o estacionamento na fachada do Centro.
- 2.- Sinalizar a zona da fachada como zona de Bus, así serían máis seguras as manobras dos autobuses.
- 3.- Sinalar a entrada como zona escolar e de 20.
- 4.- Sinalar como rúa sen saída de uso veciñal ou no seu defecto como zona peonil e de acceso restrinxido a determinados usuarios.
- 5.- Instalar todo tipo de sinalización, xa que agora mesmo carece dela.
- 6.- Contar con presenza policial ás horas de entrada e saída, ou pedir axuda técnica ós voluntarios de Protección Civil, por ter a súa base ó carón do CEIP. En momentos puntuais poderían realizar a labor da Policía que por emerxencias non se atope no lugar.

Instamos ó Grupo de Goberno do Concello de Barbadás a que leve a cabo as medidas sinaladas en cada CEIP para mellorar a Seguridade viaria.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada, dicir simplemente que estamos de acordo con todas as medidas que supoñan o incremento de seguridade nos colexios e nós pola nosa parte pedímoslle ao Goberno información sobre este tema, e dixéronos que estaban a levar a cabo algunhas medidas destas e outras que en breve estarán feitas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Democracia Ourensana estamos de acordo coas medidas que propón o PP en todos os puntos que fala, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira ou voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

A sra. González toma a palabra: Ben, dende o Bloque Nacionalista Galego, evidentemente coincidimos en que a seguridade viaria é unha prioridade para todos e para todas nós, voto de menos que se refira ao 50% da poboación, pois utiliza continuamente o masculino e deixa fora a veciñas e usuarias. Entre as propostas, que presentou o BNG, se miramos polo retrovisor dende o ano 2007 en que se abriu por exemplo o Colexio do Ruxidoiro estaba regular entradas e saídas, o adecentamento do entorno, o valado das beirarrúas, os pasos elevados de peóns, a diminución da velocidade, a



presenza da Policía Local, o regulamento do tráfico, insisto en que é unha prioridade para o Bloque Nacionalista Galego, como é tamén neste momento para o PP, que estivo no Goberno, que estaba no ano 2007 tamén, e que fixo algunhas cousas, pero tarde piaches. Téñolle que dicir que a diferenza fundamental, entre o Partido Popular e o goberno actual, e que o Partido Popular a día de hoxe, e falo xa do Ruxidoiro que se abriu no ano 2007 por non falar xa do Filomena Dato, a día de hoxe segue traendo propostas de melloras e o goberno o día 14 de xuño tiña sobre a mesa este tema, e de feito e de feito o día que empezou o cole estaban preparados xa e se estaban facendo xa actuacións moi importantes reivindicadas con anterioridade durante moitos anos, a parte doutro tipo de propostas que supoño que explicará a Concelleira correspondente creativas ademais de solidarias e ecolóxicas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a Concelleira de Educación

A sra. Pérez toma a palabra: Ben, dende o Grupo de Goberno e en concreto dende a área de Educación, teño que indicar que estamos traballando no tema de accesibilidade e seguridade dende finais do mes de xuño. Xa mantivemos reunión cas ANPAS, co equipo directivo dos dous colexios, ca Policía Local e incluso ca Dirección Xeral de Tráfico para coñecer as necesidades e as opinións de todos os membros implicados e así elaborar un calendario de actuacións en base a diferentes propostas. Dentro da programación das actuacións previstas as máis urxentes xa se realizaron con anterioridade ó inicio do curso escolar e as demais aplicáronse nos vindeiros meses coa maior rapidez que sexa posible. Unha das máis necesarias realizouse no CEIP O Ruxidoiro onde se habilitou un paso de peóns na entrada de infantil e dos nenos e nenas transportados, delimitando esta zona con vaías provisionais hasta que se instalen as definitivas protexendo deste xeito as familias e os cativos e cativas, unha zona que carecía de toda seguridade con grave risco de accidentes para os usuarios e usuarias. Pero para concretar e clarificar as súas peticións paso a dar contestación a cada uns dos puntos sinalados na súa moción:

Con relación ao CEIP O Ruxidoiro:

- Non consideramos necesario prohibir o estacionamento na fachada do centro xa que hai espazo suficiente para as manobras dos autobuses.
- Os sinais para o bus están no chan e vanse proceder ao seu repintado xa que se ampliou a zona de aparcamento.
- Neste momento hai sinal de zona escolar e paso de peóns elevados así como sinais luminosos na rúa principal de acceso a zona do Ruxidoiro.
- En canto a presenza e axuda policial nas horas de entrada e saídas dos Colexios, esta sempre se



realiza e tamén se ten previsto que nos casos que un dos dous policía que fan este servizo non poidan acudir, serán substituídos por membros da Protección Civil como xa ocorreu o venres pasado que estaba non solo un senón tres voluntarios axudando no colexio do Ruxidoiro. Sinalar que dende que entre o transporte escolar ata que sae do recinto non se permitirá a entrada de outros vehículos a non ser que sexa estritamente necesario.

-“Sinalar como rúa de uso veciñal e acceso restrinxido a entrada cara o Ruxidoiro”, como solicitan vostedes, non é posible, isto tamén foi consultado a Policía Local, xa que nesta zona ademais de vivendas atópase Protección Civil e varias empresas.

Con relación o CEIP Filomena Dato:

- Nestes momentos contamos con un paso de peóns na rúa Picouto e con tres pasos na rúa Ensino e un sinal de zona escolar. E na rúa da Presa tamén existe dous pasos de peóns o que nos parece neste momento suficiente.

- Dende o comezo das clases día 10, a Policía Local está prestando especial atención e vixilancia, en evitar que se estacione fronte a saída de emerxencia tal e como se viña facendo ata agora. O que garante un incremento en canto a seguridade do colectivo.

- Con referencia ao punto 3 e 4 no que se indica que a “Rúa da Presa debe ser de sentido único de saída”; e “a dirección do autobús que sexa pola Rúa Picouto.” Ante esta petición solicítase informe de viabilidade á Xefatura de Policía Local de Barbadás, onde se nos indica o seguinte “ A conversión da rúa da Presa en vía de único sentido ascendente implicaría que os autobuses do transporte escolar para acceder ao colexio dende a Avda, de Celanova só poderían facelo pola rúa do Picouto cara a rúa Ensino, este traxecto tería dous inconvenientes difíciles de salvar, un o acceso a rúa Ensino dende a rúa Picouto faise imposible para os autobuses máis grandes do transporte xa que na intersección non libran da esquina do edificio, e dous, as horas de entrada e saída do Colexio a rúa Ensino satúrase de vehículos particulares dos país e nais que paran para deixar e recoller aos nenos, tanto no Colexio como da Gardería Municipal, facendo imposible o acceso do autobús de transporte, polo tanto o único acceso viable a día de hoxe para transporte escolar é como se ven realizando durante estes últimos anos, baixando pola rúa Tomas Rodríguez Punxín e rúa da Presa. Entendemos que esta petición que fan vostedes para facilitar a fluidez do tráfico nestas rúas, que non existe neste momento debido a existencia do transporte escolar, tócanos informar neste punto que este problema verase resolto si minimizado en poucos meses, xa que na actualidade só existe un autobús escolar, e non dous como no curso anterior, e que no próximo ano suprimirase este servizo de transporte. Polo que a fluidez de



seguridade para o tráfico de vehículos e persoas tamén se verá incrementado.

-Con respecto á petición de instalación de todo tipo de sinalizacións, indicar que para instalar ou habilitar novos pasos de peóns, redutores de velocidade, sinais, ou pasos elevados queremos primeiro iniciar o proxecto do Camiño Escolar e contar co asesoramento de profesionais tanto da DXT conxuntamente coa Policía Local, para emprender pois dun xeito coordinado todas as actuacións en canto a seguridade viaria non só no entorno dos colexios senón no resto da Valenzá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ¿algunha quenda de palabra?, ¿algunha consideración?, ¿Ramón?, voceira de Democracia Ourenzana, voceiro do Bloque Nacionalista, señora Chelo Vispo.

A sra. Vispo toma a palabra: Só resaltar que esta moción presentouse o un de setembro de 2015, e que posterior a isto fixéronse os arranxos nos Colexios, só quero dicir iso, segundo o proxecto “Camiño Escolar” estamos de acordo con el, coñecemos o proxecto que se iniciou no barro do Couto en 2009 e que levou a cabo o Partido Socialista no ano 2011 no Concello de Ourense, señora Concelleira de Educación hai que traer iniciativas propias, non copiadas doutros Concellos, que en primeiro lugar, o que quere dicir o Camiño Escolar que no 15 de febreiro de 2012 o Concello puxo gratis o transporte público para un neno ou adulto para evitar ir en coche ao colexio, aquí iso sabe que non vai a ser posible, si é posible que as asociacións de país si axuden a levar ós nenos e que non teñan que utilizar o transporte e estamos de acordo con el, pero sempre están copiando doutros Concellos, como a retirada do punto da Universidade Popular e de Camiño na Escola hai que traer iniciativas, o Partido Popular sempre o fixo, e os que están gobernando solo copian, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a quenda de palabra o señora Concelleira de Educación.

A sra. Pérez toma a palabra: Si, con respecto a que vostedes presentaron a moción o un de setembro, eu non a tiven na miña man o un de setembro. As actuacións fixémoslas non despois de empezar o curso escolar senón previo ao inicio do curso escolar. Segundo non é unha copia o do proxecto, este proxecto que existe na Dirección Xeral de Tráfico na que calquera Concello pódese acoller a ela, cousa que vostedes non fixeron e aínda que a nos parécenos un proxecto moi interesante para facer un pouco independentes e autónomos os nenos e nenas do noso Concello, e non teñan que ir collidos dos país ata a porta do colexio porque pensan, creen e perciben inseguridade polas rúas, porque faltan ó mellor medidas que temos que tomar co cal non é unha copia creemos que é un proxecto moi importante. Grazas.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, dado que xa houbo dúas intervencións por cada grupo sométese a votación a moción do Partido Popular, ¿votos a favor? ¿votos en contra? ¿abstencións? Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cas abstencións do PSdeG PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Mixto e cos votos a favor do Partido Popular e de Democracia Ourenzana o seguinte acordo: **“Moción do PP de Barbadás sobre actuacións para mellorar a seguridade viaria nos colexios públicos Filomena Dato e Ruxidorio”**

10.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE ACTUACIÓN NOS PARQUES MUNICIPAIS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás sobre actuación nos parques municipais. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira

A sra. Prieto toma a palabra: Boa tarde Concelleiros, Concelleiras e público asistente. Dende o Partido Popular, queremos conseguir que Barbadás siga crescendo en zonas de lecer e melloras dos seus parques, xardíns e zonas verdes, conseguindo un Concello máis habitable e humano, onde os veciños se interrelacións, convivan e disfruten do seu tempo de ocio e descanso. Este Concello dispón dun remanente de tesourería do ano 2014 de 925.630,18 euros, para investimentos neste ano en curso. E por todos sabido, que non se poden utilizar en certo tipo de gastos, como por exemplo gastos sociais, mobiliario ...etc, Por iso dende o Partido Popular propoñemos que 248. 697 euros o 26% do total, ou sexa unha cuarta parte do remanente de tesourería se invista en crear, mellorar e optimizar zonas verdes e espazos públicos, para o seu uso e goce da totalidade da poboación do Concello. Por todo isto plantexamos a seguinte Moción:

Instamos ao Goberno a realizar as seguintes actuacións que detallamos e que recollen no informe que achegamos. Con elas mellorarase a calidade de vida dos nosos veciños e o noso Concello seguirá medrando en servizos:

- 1.- Ampliación da superficie e dotación de elementos de xogo infantís para diferentes idades, no parque da rúa dos Amieiros aumentando a seguridade do mesmo.
- 2.- A creación dunha pista multideporte na citada rúa, próxima ao parque infantil para a súa utilización para usuarios con idades superiores.
- 3.- Creación dun área de lecer xuvenil, situada na zona verde de Vilaescusa, coa colocación de mesas de xadrez, parchís, pimpón e pérgolas para cubrir as mesas.
- 4.- Creación dun parque canino na zona da Solaina destinado a mellorar a convivencia entre cidadáns



e animais de compañía.

5.- Creación dun circuíto de Skater e de patinaxe no parque da Liberdade, separando ambas zonas e dotándoas de elementos para o seu uso e seguridade, moi demandado polos veciños e polos usuarios de este tipo de deportes.

6.- Reforma parcial do parque infantil da Solaina diferenciando o areeiro dunha zona de xogos, co chan de caucho e reagrupando os elementos por idades.

7.- Plantación de árbores en distintas zonas e parques para dar sombra mellorando o uso e goce dos mozos e os seus acompañantes, tal e como se adxunta no proxecto. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro do grupo mixto, señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Dikir que estamos de acordo con moitas destas actuacións, cóstanos que o goberno vai a realizar algunhas delas pero tamén hai outras moitas actuacións que, haberá que facer unha selección e mirando prioridades, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Como dixen o outro día, os parques e xardíns estarían ben que estiveran bonitos, coidados, estaría ben que se puidera facer todo isto, pero penso que neste momento no Concello de Barbadás, temos cousas máis importantes en que gastar tanto diñeiro porque é unha partida bastante alta, penso que o goberno pode ir pouco a pouco facendo segundo haxa diñeiro cada ano algunhas cousas, facelo todo, pero non agora mesmo, porque como digo non hai moito diñeiro e hai necesidades moito máis básicas que isto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Bloque Nacionalista.

A sra. González toma a palabra: Eu en primeiro lugar darlle a benvida a Miriam que despois de que levamos aquí moitos anos xuntas é a primeira vez que a escoito falar, con toda a bonanza do mundo, si con toda a bonanza do mundo doulle a benvida si é verdade. En todo caso, dikir que a defensa que fixo Miriam case parece copiada dalgunha moción do Bloque Nacionalista Galego, o que pasa é que esta un pouco extemporánea no sentido de que claro aquí nos piden que gastemos un remanente que ascende a dous centos corenta e nove mil euros exclusivamente case en parques e xardíns. Dende o grupo do Bloque Nacionalista Galego consideramos que efectivamente nos parques e nos xardíns hai moitas cousas que arranxar e así o dixemos en multitude de ocasións cando estábamos na oposición, entre elas pois adaptar os parques á normativa Europea, sen embargo estamos de acordo plenamente



co que acaba de manifestar a Concelleira de Democracia Ourenzana, no sentido de que hai moitas máis actuacións ás que atender, fundamentalmente ás persoas e ademais tamén nos pobos, non podemos destinar este diñeiro absolutamente ao que marque o Partido Popular nesta moción. O goberno supoño que terá as súas prioridades, fará unha selección axeitada tendo en conta non só parques é xardíns, senón todo tipo de necesidades ao redor do noso Concello, que son moitas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas Grazas, ten a palabra dona Vitoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Ben pois as melloras en parques e zonas verdes que propón o Partido Popular son un calco exacto das peticións feitas polo PSdeG e polo BNG dende a oposición durante anos e anos, por non dicir décadas. Estamos de acordo coas melloras substanciais que hai que introducir nestes e na práctica maioría dos parques ó longo e ancho do Concello. A maioría das propostas serán asumidas, evidentemente porque xa así estaba previsto nos programas electorais de ambos partidos. Pero serán executadas en función da dispoñibilidade económica, como temos que lembrar continuamente porque veremos que estamos en crise. O máis importante non é só mellorar os parques e zonas de xogo infantil e para adultos, o fundamental para o goberno é o equilibrio territorial porque o que non se pode facer é investir preto de 250.000 euros na Valenzá e deixar con carencias ó resto de zonas do municipio. Co plantexamento da iniciativa do Partido Popular condenamos ós pobos a conformarse coas sobras e esa é a razón pola que argumentamos que as melloras serán paulatinas e tendo en conta criterios volvo a repetir, de equilibrio e de necesidades. Na Valenzá, lembremos, hai máis parques que os da Solaina e os Amieiros. ¿Por que non propoñen reformas ou melloras no parque das Burgas, no parque das Searas ou no parque de Bahamonde? Non se pode ser tan centralistas señores Concelleiros e Concelleiras do PP. Existen contradicións na proposta do PP porque piden para Barbadás un parque biosaudable cando xa o hai, e non teñen en conta a poboación infantil menor de 3 anos que si existe en Barbadás pobo e que non conta con bambán con cestiño, algo que tamén ocorre en Parada, por que temos que ir ó detalle para atender ó equilibrio territorial. Piden actuacións nos grandes parques da Valenzá, pero esquecen que en lugares coma Loiro falta algo tan esencial coma unha porta do valado, que temos previsto colocar, ao mellor a vostedes se lle escapan eses detalles, pero nós traballamos polo equilibrio territorial. Na moción do PP abórdase a necesidade de instalar caucho na Solaina, pero esquecen que esa mesma necesidade, existe en Piñor. E esquecen tamén que en Santa Uxía existe e tamén teñen dereito a ter elementos para practicar deporte biosaudable. A política do goberno actual vai ser a da paulatina substitución de área por caucho, tal e como esixe a Unión Europea, pero tamén a do valado coas medidas de seguridade que marca Europa porque



lembrámoslle as e os Concelleiros do Partido Popular que cando recepcionaron os parques dos Amieiros xa lle puideron esixir á empresa o valado dos mesmos para evitar os graves problemas de seguridade que quedaron, e que é outra das herdanzas que estamos recollendo, debido a que o sistema de protección exterior é insuficiente e deteriorouse a pasos axigantados. Cando recepcionaron estas obras, como dicía xa estaba en vigor a protección con valado de madeira nos parques infantís, pero conformáronse coa entrega con unhas zonas cativas de xogo, referímonos ao parque dos Amieiros a pesar de saber que neste lugar se ía concentrar unha alta porcentaxe de poboación infantil. Tampouco se lembraron entón os gobernantes do Partido Popular de esixir a protección axeitada dende a zona de xogo cara ó río nin lles preocupou que a zona quedara actualmente desnivelada. Ao goberno actual preocúpalle as magnas obras que propoñen vostedes, claro que lle preocupen, pero a axenda de traballo está marcada agora polas necesidades da veciñanza e pola progresiva adecuación á normativa vixente. E lembren está marcada tamén polo equilibrio territorial, non me cansarei de repetir. Respecto ó parque canino están as hemerotecas e as actas plenarias para ter memoria e lembrar que o Grupo Socialista demandou sempre unha zona específica para cans, con elementos de xogo, un lugar acaecido para unha vila que como A Valenzá que ten un número considerable de mascotas. Vostedes fixeron sempre caso omiso a esta proposta realista que levaban pedindo os veciños e veciñas dende había anos, e non se lembraron dos cans practicamente ata que en 2015, ano electoral, presentaron esta memoria, e colocaron un carteliños moi bonitos por todo o Concello. O goberno vai máis alá do que foron vostedes para mellorar a convivencia cidadá e por este motivo estamos traballando na elaboración dunha ordenanza de animais domésticos, co obxectivo de que ademais dunha zona específica os donos e donas cumpran unha serie de normas. Vostedes tentan solventar o tema dos cans poñendo unha zona acoutada, pero o tema é de maior complexidade. A previsión de instalar un cartel coa denominación de parque de cans xa estaba prevista dende hai semanas, antes de que presentasen esta moción, pero vostedes puideron facelo tamén. Era algo ben sinxelo, non tiñan que presentar unha moción para pedir que se sinalarán. O mesmo acontece coa pista de skate, un proxecto reclamado dende hai anos por PSdeG e BNG e que tampouco levaron a cabo. Aí non se lles viron nin as intencións. En suma, agradecemos a súa colaboración e as súas propostas, pero as pautas de actuación e as prioridades ímolas marcar dende o goberno., moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, está actuando agora en nome do goberno non como portavoz do Grupo Socialista ¿algunha quenda de palabra?

A sra. Prieto toma a palabra: Dende o Partido Popular, poderíamos lembrarilles a infinidade de



veces que nestes Plenos presentaron propostas dende a oposición dirixidas a facer diferentes actuacións en parques, xardíns e zoas verdes, e algunhas delas solicitando parte do investimento do remanente en acción similares a esta moción presentada. Nalgunhas delas, o Partido Popular verificou e actuou sobre as mesmas, porque creemos que catro ollos ven máis que dous, e aínda que sempre se intentou, non foi posible actuar en todos os lugares afectados ó instante. E nós, seguimos crendo que dúas cabezas pensar mellor que unha, que Roma non foi construída nun día, e que todos os que formamos a Corporación municipal deberíamos seguir traballando na mesma dirección. Que hai 35 parques aproximadamente na Valenzá, agora mesmo estamos pedindo para 6, e non son todos infantís hai xuvenís, caninos e demais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas Grazas, ten a palabra o Tenente Alcalde.

O Tenente Alcalde toma a palabra: Si, moi brevemente, so un par de cousas, primeiro.. Quería dicir que o remanente de tesourería só se pode adicar en investimentos que non supoñan un custe adicional e isto está derivado dunha lei de ámbito estatal, que ven do Partido Popular no Estado Español que ataca gravemente a autonomía municipal que non deixa incorporar o remanente de tesourería aos orzamentos ordinarios; polo tanto nos tamén en prevención de que no ano que ven poidamos incorporar no ano 2016, se cambia a lexislación estatal poidamos incorporar parte deste remanente de tesourería ó orzamento ordinario, non adicariamos todo este diñeiro, que vostedes están dicindo novecentos e pico mil euros única e exclusivamente a cemento e investimentos senón tamén a gasto social, gasto cultural, gasto deportivo, etc..., e hai moitas máis carencias neste Concello a parte dos parques, que é certo que tamén hai que melloralos, pero hai por exemplo que solventar grandes problemas de accesibilidade ó novo centro de saúde.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP, os votos en contra de Democracia Ourensana e as abstencións do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular de Barbadás sobre actuacións nos parques municipais: Instamos ao Goberno a realizar as seguintes actuacións que detallamos e que recollen no informe que achegamos. Con elas mellorarase a calidade de vida dos nosos veciños e o noso Concello seguirá medrando en servizos:**

- 1.- Ampliación da superficie e dotación de elementos de xogo infantís para diferentes idades, no parque da rúa dos Amieiros aumentando a seguridade do mesmo.**
- 2.- A creación dunha pista multideporte na citada rúa, próxima ao parque infantil para a súa**



utilización para usuarios con idades superiores.

3.- Creación dun área de lecer xuvenil, situada na zona verde de Vilaescusa, coa colocación de mesas de xadrez, parchís, pimpón e pérgolas para cubrir as mesas.

4.- Creación dun parque canino na zona da Solaina destinado a mellorar a convivencia entre cidadáns e animais de compañía.

5.- Creación dun circuío de Skater e de patinaxe no parque da Liberdade, separando ambas zonas e dotándoas de elementos para o seu uso e seguridade, moi demandado polos veciños e polos usuarios de este tipo de deportes.

6.- Reforma parcial do parque infantil da Solaina diferenciando o areiro dunha zona de xogos, co chan de caucho e reagrupando os elementos por idades.

7.- Plantación de árbores en distintas zonas e parques para dar sombra mellorando o uso e goce dos mozos e os seus acompañantes, tal e como se adxunta no proxecto.”

11- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE A ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BARBADÁS

A sra. Vispo toma a palabra: Con data 20 de agosto de 2015, ás 12:17 recibo un correo da Concelleira de Cultura dona Ánxela González Cid (anxela”concelleiradecultura@barbadas.es), co seguinte asunto: convocatoria reunión, dirixido aos pais e nais usuarios da Escola Municipal de Barbadas para o día 2 de setembro de 2015, para tratar algunhas propostas en relación coa súa organización e funcionamento, e ao tempo escoitar suxestións. A miña sorpresa e a dos pais que o recibiron foi que enviou sen copia oculta vulnerando a privacidade dos datos persoais de todos os usuarios da Escola e a maiores facendo públicos datos de menores de idade. Os feitos expostos poderían supoñer unha infracción do artigo 10 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, da Protección dos Datos de carácter persoal (LOPD), que sinala que: “O responsable do ficheiro e os que interveñan en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional respecto destes e ao deber de gardalos, obrigas que subsistirán aínda despois de finalizar as súas relacións co titular do ficheiro, ou, se é o caso, co responsable deste” tipificada como leve no artigo 44.2.e , da devandita forma, que cualifica, como tal “incumprir o deber de segredo establecido no artigo 10 desta Lei, salvo que constituía infracción grave” podendo ser sancionada con multa de 601,01 € a 60.101,21 € de acordo co artigo 45.1 da citada Lei orgánica. O Partido Popular de Barbadas realizou a denuncia ante a Axencia Española de Protección de datos e ante a magnitude do



acontecido, a negligencia e a ineficacia da Concelleira de Cultura, dende o Partido Popular de Barbadás plantexamos a seguinte moción:

1- Solicitar que dita Concelleira pida desculpas a todos usuarios da Escola a través do mesmo medio (correo electrónico que xa fixo despois de recibir esta moción)

2- Ante a gravidade dos feitos e a información da reunión acontecida o día 2 de setembro na Escola, e a preocupación dos pais e nais que alí estaban, e os que non puideron asistir, que non están de acordo cas suxestións da Concelleira de Cultura, queremos recordarlle ó grupo de goberno que sempre teñen eloxiado o funcionamento da Escola que leva 8 anos sendo un referente en toda a Comunidade. Solicitamos a dona Ánxela González Cid a súa dimisión inmediata de todos os seus cargos e no caso de non a presentar, instar ó señor Alcalde a que a cese de todos os seus cargos e non lle asigne ningunha responsabilidade no goberno municipal.

O sr. Padrón toma a palabra: É verdade que sucederon os feitos que aquí nos din pero dende o Grupo Mixto falamos con, unha vez que nos enteramos disto, falamos co pais que van a Escola de música e constatamos que moitos nin se deron conta do que pasou, algún deuse conta pero non lle deu maior importancia porque é un erro que podemos cometer calquera, entón dende o Grupo Mixto unha vez que a Concelleira pediu desculpas pois están aceptadas, queremos constatar unha vez que fixemos unha investigación sobre o tema da reunión, que moitos pais o que si nos manifestaron era que por primeira vez se nos chamara a unha reunión a participar na Escola de música.

A sra. Varela toma a palabra: Dende Democracia Ourensana vamos a dicir que nós somos tolerantes cas persoas que meten a pata nun caso puntual como ben sabedes ela pediu desculpas, penso que non é un tema tan grave para facer dimitir a unha persoa que acaba de empezar que ten que desenvolver o seu traballo, que temos que demostrar a capacidade que leva dentro, entón penso que hai que darlle oportunidade ás persoas.

A sra. González toma a palabra: Eu creo que a máis preocupada en todo isto é vostede dona Consuelo Vispo, eu creo que está moi preocupada porque por primeira vez na historia de Barbadás, por primeira vez na Escola de música se están empezando a democratizar a participación. Vostede tamén esta moción o que fai é evidenciar a súa falta de encaixe ante os resultados obtidos nas eleccións e súa incapacidade para poder argumentar a súa xestión anterior. A min só me queda dicir que se pide a miña dimisión por un correo electrónico benvida sexa, e tamén dicirlle que déboos estar facendo moi, moi ben para que vostede gaste tanto tempo nisto.

A sra. Pérez toma a palabra: O Grupo Socialista queremos expresar a nosa desconformidade con



respecto ó exposto polo Partido Popular, cando cualifica os feitos acontecidos como de gran magnitude e gravidade. Non estamos de acordo. Xa que incluso a propia Lei de protección de datos LOPD indica que para ser unha infracción grave “tería que existir unha vulnerabilidade dun conxunto de datos de carácter persoal suficientes para obter unha avaliación da personalidade do individuo” que non é o caso. Nós consideramos que o acontecido, foi unha acto totalmente involuntario e sen mala fe; e consideramos polo tanto que as explicacións ofrecidas, pola nosa compañeira Ánxela, Concelleira de Cultura, son adecuadas e suficientes, así como as desculpas ofrecidas persoalmente e por correo electrónico a cada un dos usuarios e usuarias da Escola de Música.

A sra. Vispo toma a palabra: Señora Ánxela, si que pediu desculpas, chegoume o correo, que saiba que somos o Partido Popular o partido máis votado, entón vostedes con cincocentos votos están agora mesmo gobernando, máis de cincocentos votos, imos dicilo así, uns poucos máis, pero de momento nós estamos representando mil oitocentos cidadáns de Barbadás, e que non vamos deixar que na Escola de Música faga vostede o que lle dea a gana, téñao claro. Vamos a ver a negligencia que estamos vendo é a seguinte, a Escola de Música está funcionando perfectamente durante estes oito anos, e vostedes sábeno os dous grupos tanto BNG como PSOE, que sempre o eloxiaron e grazas a elo ós profesores que aí están, que empezaron dende cero, eu como Concelleira empezamos dende cero fai oito anos, hoxe somos un referente ca Escola de música, vostede na reunión do dous de setembro, creou unha asociación sen orde do día, con cincuenta, sesenta pais non os podo contabilizar, porque eu non estaba, vamos a deixalo así porque vostede dixo que eran máis de corenta cando o dixen na Comisión Informativa, entón eses pais que estaban alí saíron preocupados, porque algún deles e podo traer nomes e apelidos que sabe que non se pode aquí nomear, eses pais quixeron entrar nesa asociación escura, que vostede di que a anterior si que era escura, non era, porque sabe que ten vostede os estratos das contas en que en todo momento pode ver cales son os movementos, esa asociación escura que vostede colleu de imprevisto ós pais que estaban alí con once persoas, son persoas que non imos a nomear, pero que son, vamos a dicilo así, ó da mesma corda que vostede, o que quere controlar é a Escola de Música dende dentro apartar ó coordinador que durante hai oito anos o fixo perfectamente con todos os profesores, iso é o que quere facer o BNG, e que o Partido Socialista non se está dando conta de que vostedes por onde van, van collendo todas as rendas para manexar todo e controlalo, o que queremos é que non pase, queremos que faga unha reunión, vamos a ver a legalidade desta asociación nese momento sen orde do día, estámolo estudando, e queremos que si é tan transparente coma di vostede, que convoque unha reunión nova onde se faga unha asociación e



deixe participar a todos os pais que queiran, non elixa vostede, porque sabemos que hai xente que non a deixou entrar, ese é o escurantismo que fai o BNG, non me poña cara de que non sabe de que vai o tema señora Ánxela.

O sr. Padrón toma a palabra: Xa dixen todo o que tiña que dicir, simplemente ó ler a moción, ó pedir a dimisión que nos parece esaxerado, no punto segundo pon “ante a gravidade dos feitos”, pero no artigo está tipificada como leve.

A sra. Varelas toma a palabra: Volvo a dicir que en Democracia Ourensana vamos a ser tolerantes con calquera concelleiro que meta a pata sen querer, pero vamos a ser super intransixente con toda a persoa que meta a man nas arcas.

A sra. González toma a palabra: Señora Consuelo Vispo, vostede soña comigo polas noites, estou segura, e de unha reunión convocada abertamente a todos os pais a que puido asistir quen quixo na que se propuxo facer unha xunta directiva dunha asociación na que podía entrar quen quixera, na que tivemos que pedir por favor á xente que entrara, vostede fai esta película, é que vostede, non quero dicir, non quero apoiar a Fírvida en absoluto pero de verdade vostede soña comigo e ten un problema, pero non se preocupe, seguramente vai seguir soñando, porque esta asociación no se queda aí, resulta que esta asociación forma unha directiva inicial e provisional e posteriormente, seguramente se convocará unha asemblea para formar outra definitiva, e vai seguir soñando porque cada vez que un pai ou unha nai me pida explicacións, ou cada vez que eu considere como Concelleira que teño que falar ca xente, vou a falar, cada vez que eu como Concelleira considere ou algún veciño ou veciña mo pida considere que teño que dar explicacións vounas dar, é máis, cada vez que teña que pedir desculpas publicamente ou por escrito vounas pedir como xa o fixen, entón vostede vai ter que seguir soñando comigo moitas veces e vai ter que pedir a miña dimisión nos Plenos case en todos, asegúrolle que case en todos, agora ben nunca o vai pedir nin porque estea imputada eu nin porque estea imputado ninguén do Bloque Nacionalista Galego, iso asegúrollo nin do goberno, iso asegúrollo.

O sr. Alcalde toma a palabra: A vostedes todo o que supoña cambio, modificacións, transformacións, resúltalles escuro e nebuloso, todo é manipulación, ese é o seu concepto de avance, e nós dende logo que non estamos que dende o goberno non estamos de acordo ca súa opinión, dito isto voume cinguir máis ben ó punto principal da súa moción. As explicacións, aclaracións e petición de desculpas que fixo a Concelleira de Cultura Ánxela González poñen de manifesto a existencia dun erro no uso do correo electrónico. A pesares de todas as aclaracións feitas pola señora Concelleira este Alcalde solicitou un informe xurídico sobre as posibles consecuencias desta actuación. Debo dicir que



do informe que obra no meu poder e del dedúcese que, no presente caso de existir algún tipo de infracción, só levaría unha resolución da Axencia Española de Protección de Datos que declare que medidas procede adoptar para evitar que o erro se volva a repetir. O citado informe tamén sinala que sería conveniente que a señora. Concelleira pedise desculpas pola comunicación que fixo utilizando para elo o mesmo medio aducindo que se tratou dun erro, como así fixo. Esta petición por tanto debería facerse polo tanto, por correo electrónico e foi o que ela fixo. Todos estes pasos foron dados perfectamente pola señora Ánxela González, e aquí quero destacar a súa labor, apoiar e defendela porque está realizando un importante e duro traballo que redundará na mellora das actividades culturais deste Concello e que polo tanto non vou a proceder o seu cese por esta índole e quero ser claro e contundente ademais, non vou a proceder ó seu cese nin tampouco aceptaría a súa dimisión no caso de que a presentara, así de claro. Creo que con isto queda resolto o asunto. Moitas grazas. Sométese a votación esta moción do Partido Popular, votos a favor, votos en contra. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do PP e os votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana, e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular de Barbadás sobre a Escola de Música Municipal de Barbadás”**

12- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Ó CAMBIO DE UBICACIÓN DA VENDA DE TICKETS DE AUTOBÚS URBANO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción de democracia Ourensana relativa ao cambio de ubicación da venda de tickets de autobús urbano, ten a palabra a súa voceira.

A sra. Varelas toma a palabra: O primeiro apartado creo que xa está contestado noutro punto, que poño: primeiro, quero que se me informe do por que do cambio da casa da cultura nas oficinas do Concello da Rúa do Viso, xa me quedou claro que o tema que o cambiaron porque queren ter solo situado, entón a contestación, non, pero case mellor acurtar porque esa explicación creo que todos xa a oímos e acabámolo de explicar antes, que a Casa da Cultura quere estar solo para temas de cultura, entón obviamente non vamos a estar vinte horas falando do mesmo. Segundo: pregunto se lles parece lóxico a nova situación xa que dita rúa ten unha pendente elevada, co cal a moitas persoas lle é difícil o acceso e estamos en tempos de romper con barreiras arquitectónicas e aprender dos erros pasados, aquí falo dos erros pasados como o do Centro de Saúde porque parece que as pendentes aquí no Concello de Barbadás están de moda, esperemos que non sigamos así. Propoñemos ao Goberno que



busque entre os diferentes locais que pertencen ao Concello de Barbadás unha situación máis correcta e adecuada pensando nos veciños do Concello. Eu vin ao Concello, saquei unha lista de locais que temos en A Valenzá, e penso que a Casa da Xuventude é un sitio bastante adecuado polo momento ata que non busquemos outra situación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas, ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Dende o Grupo Mixto subscribimos a moción exactamente como está presentada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Bloque Nacionalista Galego.

A sr. González toma a palabra: Eu ía a dar explicacións, pero efectivamente xa non as dou, aparte de que xa abriu a Biblioteca Infantil e necesitamos pois ao persoal, que estaba dúas horas dedicado a iso, e efectivamente consideramos que é conveniente buscar algo que todos os veciños e veciñas teñan acceso a poder comprar os bonobuses pois en distintos momentos, en distintos lugares.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Nada, dicir solo que o Goberno actual aposta por unha Administración moderna, racional e por suposto accesible. Este foi o motivo polo que se decidiu unificar os servizos nas oficinas municipais de A Valenzá. E foi tamén o motivo polo que para facilitar a accesibilidade destinamos dúas tardes á semana para a venda de tickets de bonobus na Casa da Xuventude. O que está claro é que vai contra a lóxica do funcionamento dun edificio destinado á cultura a venda de billetes de autobús, e hoxe precisamente aprobamos o regulamento da Casa da Cultura como ben tratamos no punto anterior. E si se elixiu a Casa de Xuventude foi precisamente porque son os mozos un dos principais usuarios dos autobús urbano e porque a accesibilidade é máis cómoda que a das oficinas municipais. Dicir tamén ao respecto que queremos anunciar que haberá cambios no deseño da accesibilidade a lugares de moita afluencia de público como poden ser o Centro de Saúde ou as oficinas administrativas que o Concello ten en A Valenzá, pero xa daremos cumprida conta cando proceda.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, vostede dicía que as explicación estaban xa dadas, o público un pouco debería saber o funcionamento de todo isto e os motivos, a idea é precisamente de



que os lugares os espazos que hai no noso Concello estean adicados, precisamente a ser colectores e contedores do que, das actividades para que están en principio adicadas, Casa de Cultura para Cultura, biblioteca, incluso o Polideportivo para Deporte evidentemente e nós o que pretendemos é como dicía Victoria tamén, é centralizar servizos para que haxa unha administración máis moderna e áxil. A idea era precisamente ampliar incluso o horaria de venda do bonubus estando de nove da mañá ata as dúas da tarde e de catro a oito tres días da semana, fronte ao que facía o Partido Popular e isto non é mirar polo retrovisor senón que é unha realidade que era de dez a doce, interrompendo ademais as actividades que había na Casa de Cultura e o labor que desempeñaban os funcionarios e funcionarias que alí estaban realizando o seu traballo. Recoñecemos que dende o primeiro día existe unha sensación de dificultade no acceso que nós tamén nos fixemos eco da mesma e estamos buscando durante un tempo a solución e falando cos usuarios chegamos á conclusión que o espazo máis adecuado, máis axeitado era a Casa da Xuventude, alí probablemente a partir da semana que ven estará situada durante dúas tardes á semana probablemente os luns e mércores probablemente de catro a oito a venda de bonobús, o resto seguirá funcionando no mesmo sitio pero haberá unha posibilidade de solventar esa incidencia, ou esa anomalía ou esa dificultade para os veciños e veciñas que teñan dificultade precisamente para acceder alí. A proposta do Grupo Democracia Ourensana parécenos moi construtiva, reflicte unha realidade, é un problema que xurdiu e polo tanto agradecemos a súa presentación, moitas grazas, ¿algunha quenda de palabra máis?, ten a palabra a voceira do Partido Popular.

A sra. Carril toma a palabra: O Partido Popular de Barbadás non entende o cambio de situación deste servizo. Nas comisións informativas díxosenos que era porque “nos contedores” que é como o grupo de goberno lle chama á Casa de Cultura, non era o máis axeitado para este fin, ¿e si o é a Casa da Xuventude?, ¿Que diferenza hai entre “os contedores” da Casa da Xuventude e da Casa de Cultura? ¿Por que si en Xuventude e non na Casa de Cultura?. Que dito sexa de paso, non nos parece o nome máis axeitado para referirse a estes locais “Contedores” din; ¡teñen nome propio señores! Casa de Cultura e Casa da Xuventude. Polo que nós sabemos, ata o de agora, nunca houbo ningunha queixa por parte dos veciños e veciñas por este servizo na Casa de Cultura, ¿por que cámbialo agora? Por que complicarlle máis a vida aos nosos veciños se xa están afeitos a recoller os bonobuses nese espazo?. E ademais tendo en conta que xa se están facendo as xestións para pór en marcha o transporte metropolitano, grazas a que mudou o goberno na cidade de Ourense, e este goberno si se preocupa en poñelo en marcha canto antes. Nós consideramos que non se debe mover a situación da



venda dos bonobuses da Casa de Cultura. Creemos que ó grupo de goberno cústalles moito admitir as cousas que están ben feitas, e que as fixo o Partido Popular de Barbadás. Teñen unha teima tremenda por cámbialo todo, e este cambio non nos parece axeitado, é máis, prexudica aos nosos veciños e veciñas, cando xa están máis que acostumados o señor Alcalde o acaba de dicir, que xa houbo días que andaban un pouco perdidos, están máis que acostumados a collelos na Casa de Cultura, e tendo tamén en conta que moitos destes veciños son tamén xente de avanzada idade, eu estiven catro anos na Casa de Cultura e non só veñen mozos a buscar bonobuses, veñen tamén xente moi maior a búscalos. Nós, dende o Partido Popular non entendemos o cambio desta situación.

O sr. Alcalde toma a palabra: En primeiro lugar dicirle á señora Concelleira que a terminoloxía de “colector ou contedor” é correcta, iso é o primeiro “ receptor de “, vale pois ese é o uso, o motivo polo que lle chamo así, podo chamarlle “casa de” “as casas” como o mellor se lle chama aquí dentro do propio Concello, pero eu neste caso coincido que lle chame “colector ou contedor” ademais é unha terminoloxía correcta. En segundo lugar dicirle, vamos a ver os veciños de A Valenzá e do Concello de Barbadás nunca estiveron satisfeitos co servizo que lle prestaban vostedes desde a Casa de Cultura en relación a venda de bonobuses, non sei si lembran que só se vendía dúas horas ao día, agora teñen un horario de nove a dúas, e de catro a oito tres días á semana, vostede quere facer comulgar con rodas de muíño, hai unha diferenza moi substancial entre o servizo que lle prestabades vostedes e o que lle prestamos agora, pois esa é a razón pola que fixemos esa modificación, así de sinxelo, o motivo é máis que evidente, ademais de xeito que podemos potenciar a actividade cultural na Casa de Cultura, no receptáculo de Cultura, no contedor de Cultura, esa é a razón, ademais de axilizar a administración e de pór ao servizo dos veciños un tempo que para moitos é imprescindible para poder desempeñar as súas tarefas diarias. Fala vostede tamén do transporte metropolitano, vamos a ver, que lle vou a contar eu a vostedes do transporte metropolitano que durante moitos anos non souberon poñer en marcha, a propia Conselleira de transporte, a propia Conselleira, non sabe, non puido fixar na última reunión que houbo en Ourense, cal sería a data para a posta en funcionamento do mesmo, e senón pregúntenlle, ou pregúntenlle aos seus compañeiros do Partido Popular aos Alcaldes, por exemplo do Concello de Toén, ou no de San Cibrao da Viñas, pregúntenlle se saben cando vai a entrar en vigor o transporte metropolitano, se en aquela reunión esa señora Conselleira soubo situar a data para a posta en marcha do transporte metropolitano, pois entón a solución, nós facéndonos eco do que nos transmiten certos veciños, de sabios e rectificar e modificar pois asumimos que podemos utilizar un espazo da Casa da Xuventude para a venda de bonobuses nese horario, non ten máis ciencia nin



máis dificultade, moitas grazas. Creo que estábamos na primeira quenda de palabra, ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Nada, pois o que dixen antes, que hai que cambiar o sitio pola Casa da Xuventude e mirar no futuro se podemos chegar a ter un espazo accesible, podendo ser no centro de A Valenzá, por exemplo e que poidan ir todas as persoas, e ter todo máis globalizado, non ter unha oficina aquí outra ala, vamos darlle un pouco de coherencia a este Concello, penso eu, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Bloque Nacionalista.

A sra. González toma a palabra: Nós estamos de acordo tamén con Democracia Ourensana neste caso, porque efectivamente o que pretendemos un pouco é ter os servizos situados no lugar que lle corresponde e que estean máis ou menos todos xuntos, pero xa se sabe o que se fixo a nivel ordenación territorial neste Concello, é dicir, as oficinas municipais estaban situadas aí porque as circunstancias así fixeron que chegásemos a este punto, é dicir houbo un boom urbanístico aquí nun momento determinado, os mellores terreos foron para o que foron, e o resto quedaron como quedaron, é dicir nos atopámonos que as oficinas municipais están máis arriba, e o Centro de A Valenzá está ocupado por outro tipo de edificacións, pero na nosa mente si está o que di ela que sería ideal ter un lugar apropiado para que todo o mundo tivese acceso, houbera a accesibilidade adecuada e ter todas as cousas no mesmo sitio.

O sr. Padrón toma a palabra: Só quería dicir que unha vez que os temas se estenden un pouco, tamén quixera deixar a nosa visión do que deben de ser estas cousas, reorganizar as dependencias municipais para nós é fundamental, nunca se fixo aquí, nunca houbo un planeamento por iso temos unha Casa de Cultura nun sitio, unhas oficinas municipais onde están, o Centro de Saúde onde están, de aquí en adiante cando se pida un Centro de Día, un Instituto, unha nova Escola Municipal pois a ver si se pensa en situar todas esas instalacións no mesmo sitio, entón se planea no Concello onde vaian todas esas instalacións, e se deixe sitio, ou sexa se agora o próximo é un Centro de día que se pense que vai ir alí o Instituto que van a ir alí as novas dependencias municipais, ou sexa que se pense na visión de aquí a trinta anos, non en visión de aquí a dous anos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Dicir tan só que os cambios, que se producirán na accesibilidade e cos cambios urbanísticos que haberá no futuro, que lle serán anunciados no seu momento, van a conseguir que se unifique o servizo efectivamente nas oficinas municipais de A Valenzá, e non



será necesario pois está medida provisional que se poda dicir da venda de tickets na Casa da Xuventude, entón en aras dunha administración máis moderna si vai a haber novidades.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do Partido Popular

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Padrón dígame en que Concello teñen todo situado no mesmo sitio, eu creo que en ningún, o Polideportivo en un Concello está nun sitio, as oficinas están en outro, ou sexa é imposible ter todo na mesma situación. Se realmente esa accesibilidade vai a ser posible o que están pedindo os cidadáns neste momento, a costa que hai tanto que vostedes criticaban no Centro de Saúde, a costa que hai agora mesmo nas Oficinas de A Valenzá pois hai o mesmo problema, déixeno ata que fagan ese acceso ás oficinas onde estaba, na Casa de Cultura, si tiñamos esas dúas horas pola maña, pero tamén estaban unha tarde onde os veciños podían comprar os bonobuses, o que non entendemos é ese cambio, agora mesmo se vostedes queren que a Casa de Cultura sexa dedicada ese “contedor” como vostede lle di a Cultura, pois o “contedor da Casa da Xuventude” ímoslle a chamar así e que siga dedicado a Xuventude e non a vender uns bonobuse alí que non entendemos que nun lado, nun espazo se dedique a iso e no outro non, é que non entendemos o que queren dicir. Eu creo que o deberían deixar onde estaba, ata que esa accesibilidade que prometen e que esperamos que sexa pois como ten que ser, senón o Partido Popular tamén lle pode dar opcións, que sempre se llas da, para iso pregunten, imos avanzando cara diante, non miramos polo retrovisor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Mire en primeiro lugar, voulles pedir coherencia, vamos a ver, están queixándose vostedes, de que o servizo de venda de bonobus, vai as oficinas municipais ¿por que non lle preguntan aos veciños que lles pareceu a situación do Centro de Saúde naquela costa?

A sra. Vispo toma a palabra: Xa lle preguntamos

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Xa lle preguntaron? ¿E parecúlles ben?, sorprenderíame que dixera tal cousa, vamos esa é a primeira cuestión. Segunda cuestión dicir que é unha medida provisional e pouco máis, e que vostedes cando haxa modificación en torno a accesibilidade terán cumprida a información, pero desde logo que este grupo de goberno está traballando en iso, tanto na mellora da accesibilidade para as oficinas municipais como para o Centro de Saúde, cousas que vostedes no seu programa electoral do que tanto falan que presentan 115 puntos, creo lembrar, que son para mellorar este Concello non lembro haber visto ningunha en relación medida a accesibilidade, pois se a teñen igual no seu momento lle pedimos información, pero desde logo os que escolleron a situación do Centro de Saúde alí foron vostedes, e dende logo que os que situaron as oficinas municipais nese lugar tamén foron vostedes, e non lle pediron permiso a ninguén nin opinión, desde logo que



para as Oficinas Municipais nunca lle pediron opinión a ninguén, así de claro, así que agora non veñan con esta pantomima, que non ten outro nome e agradezo que finalmente acepte a palabra de “contedor”, parece que vou a ser eu o campión do contedor, pero é que é así, moitas grazas, sométese a votación, ¿votos a favor da moción de Democracia Ourensana?, ¿abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSOE, do BNG, de Democracia Ourensana e Grupo Mixto e cas abstencións do Partido Popular: a **“Moción de Democracia Ourensana relativa ó cambio de ubicación da venda de tickets de autobús urbano: Propoño ó goberno que busque entre os diferentes locais que pertencen ó Concello de Barbadás unha ubicación máis correcta e axeitada pensando nos veciños do Concello”**.

13- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai unha moción que é do Grupo de Goberno sobre a proposición de Lei por iniciativa legislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. De ese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa consunción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplias zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.



No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos. É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétese o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada na nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa ganar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, compre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades -coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas- está estreitamente vencellada a dispoñer de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non so esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente



da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos governativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétase a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética.

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción,



distribución e transporte existentes en Galiza.

- b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
- c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.
- d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.
- e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.
- f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.
 2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.
 3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.
1. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e



gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.1. 5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

O sr. Fírvida toma a palabra: Como dicía o señor Alcalde esta é unha iniciativa da CIGA, da Confederación Intersindical Galega, que promove unha proposición de Lei por iniciativa legislativa popular entorno á enerxía eléctrica e as tarifas eléctricas en Galiza. Galiza ó longo dos anos desempeñou un papel subministrador de enerxía eléctrica para todo o Estado Español, é excedentaria en produción eléctrica derivado sobre todo polos aproveitamentos hidroeléctricos, os xacementos de carbón, aproveitamento eólico e biomasa, e os ciclos combinados do gas, caro nos ten costado ao noso País a Galiza esta produción eléctrica porque ten estragado os recursos hidráulicos, ten atentado contra o patrimonio natural e ten un forte impacto medioambiental no noso País. E todos estes custos sociais e medioambientais Galiza non ten tirado ningún proveito. O marco regulador, que ven exclusivamente do Estado Español adoptada medidas para as empresas eléctricas como no resto do Estado Español, por certo estas compañías eléctricas teñen o seu domicilio fiscal e os seus centros de decisión en Madrid, o que supón que cando se fan as balanzas tributarias co resto do Estado Español que pareza que Galiza é un País en relación co resto do Estado de España deficitario en materia tributaria, cando é todo o contrario, o que pasa é que estas empresas tributan non Estado Español e polo tanto os ingresos son considerados como se a enerxía se producira no Paseo da Castellana. Pois o que se pide con esta iniciativa legislativa popular é que se teña en consideración todas estas cuestións de produción eléctrica para que Galiza conte con unha tarifa eléctrica reducida que non se lle cobre pola peaxes de transporte, custes de reparto, como se lles está cobrando por igual en todas as Comunidades



Autónomas do Estado Español que atenda á singularidade do noso País como produción enerxética e que polo tanto que se estableza unha tarifa eléctrica galega reducida. Esta iniciativa legislativa popular tamén recolle a defensa das persoas consumidoras sobre todo aquelas que están baixo o risco de pobreza enerxética que se consideran aquelas familias que consumen máis dun 10% dos seus recursos económicos que en cuestións de enerxía eléctrica, de gas, ou derivado de gas, auga, electricidade, calefacción, etc... Polo tanto esta iniciativa legislativa popular que está aquí na exposición de motivos defende que sexa o Estado Español e a Xunta de Galicia quen se faga cargo do gasto destas familias que están en risco de exclusión social e en situación de pobreza enerxética que cando lles chegue a notificación a estas familias de que lle van a cortar o subministro eléctrico por impago que a Xunta de Galicia se faga responsable dese pago, dese enerxía para que estas familias poidan dispor de enerxía eléctrica, de calefacción durante os meses de inverno, e que tamén que se procure, unha tarifa eléctrica para o noso País, Galiza

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, simplemente dicir que estamos totalmente de acordo coa moción, coa exposición que fixo o señor Fírvida e ogallá algún día isto sexa unha realidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu digo o que dixen o outro día estou de acordo, pero isto pódeo legislar un Concello ou é competencia da Xunta, e que non entendo moi ben isto. Si eu quería que mo explicaras porque claro se é competencia da Xunta realmente a Xunta quen ten que legislar estas cousas o Concello non sei moi ben o que pinta, gustaríame que me deran unha explicación a ese tema. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do BNG

O sr. Núñez toma a palabra: Desde o BNG sempre defendemos que Galiza non tiraba ningún beneficio despois de ser un territorio, absolutamente excedentario de produción eléctrica nin dera beneficios ó País, nin ás empresas do País, nin ás familias galegas en xeral, ter en conta que non noso País pois temos uns salarios e unhas pensións máis baixas do Estado Español e incluso efectivamente hai que constatar que hai zonas no noso territorio que aínda sendo un País esnaquizar en produción eléctrica temos zonas onde subministro non é acaecido hai unha deficiencia no subministro eléctrico. As políticas do Estado Español, en relación con este tema, sempre foi así, esnaquizar anegando os nosos mellores vales, viñedos, destrución do hábitat, etc, para o subministro de enerxía para as



grandes zonas do Estado, de Castela, de Madrid e arredores. Debera quedar claro que os custes de transporte e distribución da enerxía son evidentemente distintos, cando se trata de digamos “consumo galego” que cando se distribúe cara a fóra, polo tanto as tarifas deberán ser substancialmente distintas para as empresas galegas como para as familias da nosa terra. Estamos de acordo coas propostas da proposición de Lei, que trae a CIG, que promove a CIG como iniciativa legislativa popular, e máis cando se trata de beneficiar a aquelas familias que están en maiores dificultades económicas, as ten problemas para facer fronte aos pagos das facturas do subministro eléctrico. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Dicar tan só, que a pobreza enerxética é unha das principais carencias que teñen as familias con pouco recursos ou en risco de exclusión social e que é algo no que hai que actuar, e por suposto apoiamos a iniciativa da CIG neste sentido.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a votar a favor, pero recordarlle que cando gobernaban tanto nacional como autonómico non fixeron nada para conseguir que mocións deste tipo que hoxe nos plantexan puidéranse levar a cabo cambios legislativos que hoxe non faría falta perder o tempo cando nós non temos potestade para cambiar a Lei, e recórdolle que estamos nun ente local, non no Parlamento.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Primeiro isto é unha iniciativa legislativa popular, o acordo, o que recolle manifestar o apoio da Corporación Municipal a proposición de Lei por iniciativa legislativa popular que nos presenta a Confederación Intersindical Galega, esta é a competencia que temos municipal, apoiar unha iniciativa da CIG reivindicar no Estado Español a singularidade que temos no noso País de produción eléctrica que favorecería por exemplo a un incremento da produtividade das empresas no noso País, iso favorecería a contratación laboral, a redución do paro, mellores salarios e mellor situación social para todos os galegos e para todas as galegas, tamén para os de Barbadás, iso é polo que se trae iso a este Pleno. E despois dicir á señora voceira do Partido Popular no me gustaría mirar para atrás ó goberno da Xunta de Galicia cando se intentou aprobar un concurso eólico que se quedou paralizado polo Partido Popular que o botou para atrás, e por certo agora hai tribunais, hai sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e do Tribunal Supremo que aquel concurso eólico que ía pór a funcionar este País dende o punto de vista enerxético e de enerxía non



contaminante quedou paralizado o Partido Popular impedindo moitos investimentos industriais neste País e agora resulta que todo aquilo era absolutamente legal, por que se cambiou aquilo, hai que recordar tamén os abrazos que lle daba o señor Feijoo ó presidente de Iberdrola o día dos resultados das eleccións autonómicas, e tamén quero recordar que Iberdrola cotiza no País Vasco.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Unha quenda de palabra para o señor Ramón Padrón. Señora Fina Varelas

O sra. Varelas toma a palabra: Respecto o que se expuxo aquí, pero creo que é un tema do Parlamento Galego.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, a palabra tena o voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Voceira do Partido Popular.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sométese a votación esta iniciativa lexislativa popular convertida en moción, votos a favor, abstencións. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Grupo Mixto, e coas abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Grupo de Goberno sobre proposición de Lei por iniciativa lexislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética: Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza. Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.”**

14- MOCIÓN DO BNG SOBRE A RETIRADA DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA EN BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a retirada da simboloxía franquista en Barbadás. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os símbolos non son inocuos, de feito teñen un valor importante en calquera cultura ou nación do mundo. Na Galiza aínda perviven moitos símbolos en espazos públicos que homenaxean a persoas que non merecen tal distinción. Referímonos á persistencia de nomes en rúas ou estatuas, tamén simboloxía que exaltan e homenaxean a franquistas e golpistas. Son vestixios dunha transición que



non supuxo unha ruptura co franquismo. A pesar de existir unha lexislación vixente, desde o ano 2007, que obriga á súa retirada, algunhas institucións e partidos resistense a eliminar a súa presenza pública.

A simboloxía falanxista representa un recoñecemento a quen desde o fascismo aplicou unha represión sistemática aplicada polos autores do golpe de estado do 18 de xullo de 1936 contra da legalidade constitucional vixente e que supuxo a persecución e morte de moitas persoas por causas ideolóxicas.

A eliminación das pegadas do franquismo alén de ser imperativo legal supón un reparo, aínda que tardío, á memoria dos represaliados, fusilados, axusticiados e “paseados” polas forzas fascistas.

Para o BNG desde o punto de vista democrático é necesario retirar toda esa simboloxía que homenaxea a quen participou nun golpe de estado, a quen vulneraron os dereitos humanos fundamentais, a quen instauraron un réxime antidemocrático, que se levou por diante a vida de moitos compatriotas, tamén veciños de Barbadás, e que sementaron o terror e o medo.

A lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura (máis coñecida como Lei da Memoria Histórica) establece no seu articulado o seguinte:

Artigo 15. Símbolos públicos.

1- As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas.

2- O previsto no apartado anterior non será de aplicación cando as mencións sexan de estrito recordo privado, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei.

3- O Goberno colaborará coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais na elaboración dun catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e a Ditadura para os efectos previstos nos apartado anterior.

4- As Administracións públicas poderán retirar subvencións ou axudas aos propietarios privados que non actúen de modo previsto no apartado 1 deste artigo.

De forma incomprensíbel no Concello de Barbadás, nun espazo público que se atopa a apenas 100 metros da sede da institución municipal, na fonte de Cimadevila, aínda se mantén o símbolo que representa ao fascismo e a súa barbarie, o xugo e as frechas. Porén o que resulta aínda máis difícil de



entender é que nunha recente intervención por parte deste Concello nese espazo público para o seu adecentamento non só non se optase pola retirada deste símbolo da infamia senón que mesmo foi parte dos traballos de rehabilitación sufragados con recursos públicos.

Cómpre, polo tanto, proceder a realizar un acto de xustiza histórica, alén de obriga legislativa, e reritar do noso concello aqueles símbolos que representan o mantemento dunha memoria de exaltación do franquismo.

Por todo isto, o BNG propónlle o ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo: O Pleno do Concello de Barbadás acorda eliminar a simboloxía franquista que aínda perdura no noso concello, en base ao cumprimento da Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, e nomeadamente o escudo falanxista que se atopa na fonte de Cimadevila, na Rúa Carreira na parroquia de Barbadás.

A sra. González toma a palabra: Non é a primeira vez que o Bloque Nacionalista Galego presenta unha moción deste tipo neste Concello é máis podemos remitirnos ós anos 90, cando o BNG entrou por primeira vez no Concello, na oposición, e a primeira vez que se presentou esta moción e o longo dos diferentes gobernos ó longo das diferentes legislaturas esta moción volveuse a presentar votando en contra persoas que hoxe se atopan aquí e pertenceron a estes gobernos. Presentamos esta moción fundamentalmente por dúas razóns unha delas o cumprimento da Lei da Memoria Histórica e outra dela a que máis nos move é reparar dalgunha maneira o escarnio que se fixo coas vítimas do franquismo. No Concello de Barbadás existe simboloxía franquista a máis próxima a nós é esta fonte que está aí dende o ano 1959, que ademais foi unha fonte que foi rehabilitada e se mantivo esa simboloxía ó longo de todo este tempo, nós consideramos que é o momento de que se visualice efectivamente o cambio de goberno no Concello de Barbadás e que por fin se faga cando menos o xesto da retirada desa simboloxía.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Socialista.

O sr. Padrón toma a palabra: Para nós pensamos que é unha vergonza que despois de 35 anos de democracia aínda existan símbolos dunha ditadura que chegou ó goberno por unha guerra, non por unhas eleccións democráticas, eu creo que hai países como Alemania que non teñen simboloxía do nazismo, pois aquí levamos 35 anos e aínda pervive simboloxía deste tipo, aparte hai unha Lei que



fala sobre este tema do estado, de que iso hai que retiralo, entón simplemente o noso estupor de que neste Concello aínda despois de 35 anos exista esa simboloxía.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Como dixen o outro día estou de acordo coa retirada dese símbolo porque é unha época de España moi triste, moi escura, moi negra, e á de persoas que si lle afecta simplemente ver isto, pero penso que tamén deberíase deixar, non mirar tanto para, a min, vamos a ver si me explico, non mirar tanto para ese escudo, as cousas non fan dano por estar aí, senón o que a xente pensa, iso non é, non é nada tan importante, se o queredes retirar eu estou de acordo, non ofende quen quere senón quen pode, unha fonte cun símbolo para min non di moito, penso nin bo nin malo, a época de Franco non me gusta non estou de acordo con isto, pero sinceramente estámolle dando demasiada importancia a algo que os veciños, porque a min chéganme queixas dicindo, que non tedes nada mellor que facer que quitar un escudo dunha fonte, refírome a iso, quero dicir que si que estou de acordo se o queredes quitar, pero que non lle deas tanto importancia, o pasado quedou xa fai moitos anos atrás. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Fina Varelas. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Para nós a fonte é un símbolo pero é máis que un símbolo, detrás dese símbolos están historias de familias de persoas deste Concello que foron represaliadas, hai persoas incluso aquí en Barbadás pobo que viviron a represión franquista, incluso os seus familiares nos chegaron ofrecer documentos para facer historia no Concello de Barbadás, entón ademais de dar cumprimento á Lei de Memoria Histórica, pensamos que hai que rematar con este tipo de símbolos que son máis que un símbolo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Antes de comezar a dar un pouco as explicacións, dona Ánxela pídolle, que lle pida ós funcionarios municipais, a acta de xaneiro do ano 2008, di que o Partido Popular daquela votou en contra dunha moción similar, penso que votou a favor, que me corrixan os funcionarios municipais. Fálase de retirada de toda a simboloxía franquista que queda no Concello, pero gustaríanos saber si elaboraron algún tipo de catálogo con toda a que hai ou é que só queda a Fonte de Cimadevila. Porque segundo vostedes parece que existe simboloxía deste tipo espallada por todo o Concello, e eu penso que só queda a día de hoxe o escudo que hai na fonte de Cimadevila, con iso non quero dicir nada. Despois tamén nos gustaría saber si se lles preguntou ós veciños, non



só a un veciño, si lles parecía ben, o normal é que neste tipo de actuacións sexan consensuadas coa cidadanía para evitar calquera tipo de polémica, son cousas que hai que levar con bastante tacto. ¿Ou fano unicamente porque así o establece a Lei para a Memoria Histórica, ou por propia convicción?. Quero recordarlles que non hai moito tempo vostedes aquí votaron en contra de propostas ben axustadas á lexislación vixente. Ademais queremos recordarlles que a zona onde se atopa a fonte está protexida polo ámbito de influencia patrimonial da capela e peto das ánimas de san Mauro aquí ó carón, que me corrixan os funcionarios municipais senón é así, pero eu teño aquí a catalogación da capela e do peto de ánimas e o ámbito de influencia dela con respecto á fonte de Cimadevila, isto leva unha intervención da Area de Patrimonio da Xunta de Galicia que é quen marca como se teñen que facer as actuacións. Dito todo isto, e como non podería ser doutra maneira, dende o grupo Partido Popular de Barbadás imos votar a favor desta proposta, porque entendemos que calquera tipo de simboloxía, e insisto, calquera tipo de simboloxía, do lugar que veña e que atente contra a sensibilidade de persoas que sufriron calquera tipo de represión ou privación dos seus dereitos e liberdades, non merece presidir ningún espazo público. Iso si, imos estar vixiantes, e iso si sempre que as actuacións que se fagan, como ben dixen anteriormente sexan consensuadas cos veciños e sexa Patrimonio e os técnicos municipais quen marquen as pautas a seguir. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Ben, eu despois de escoitar ó voceiro do Partido Popular nesta moción do Bloque Nacionalista Galego o Partido Popular durante a súa intervención deume a sensación que ía a votar en contra, menos mal que ó final explicou que van a votar a favor, porque durante a súa intervención daba a sensación de estar diante dunha persoa e dunha postura política en defensa deste símbolo, deume a sensación durante toda esta intervención. Mire vostede a exposición de motivos comeza da seguinte maneira, os símbolos non son inocuos, efectivamente os símbolos representan o apoio, a honra dunha forma de pensar ou dunha forma de actuar, neste caso o símbolo este, que é un símbolo do falanxismo español, que acolleu ós falanxistas tamén do reinado da Reina Católica, Isabel A Católica, e o retomaron o símbolo do fascismo español, representa a morte, represión, persecución, violación, nenos desaparecidos, representa o peor da historia do Estado Español, representa tamén un atentado á legalidade vixente no ano 36, e tamén un atentado á República e á legalidade constitucional naquela altura, e Barbadás viviu durante o ano 59 na ilegalidade polo menos ética e moral cas persoas que sufriron aquela tremenda represión, e vostedes persoas que están aquí sentadas e sentados, sentadas neste caso permitiron co seu voto que eses signos fosen retirados, ou se non votaron en



contra das mocións, non fixeron nada para retiralo, o que ven a ser exactamente o mesmo. Isto que estamos intentando traer aquí supón unha vergoña para os veciños do noso Concello, calquera concello, calquera persoa cun mínimo criterio ético, democrático, sentiríase avergoñado de coñecer que no seu Concello se permite simboloxía franquista, que honra a quen atentou contra a vida das persoas, non contra as vítimas, polo tanto os símbolos ofenden e humillan a moitas familias do noso Concello. Non existe un catálogo, pero nós fixemos un repaso de todo o rueiro que hai non Concello de Barbadás e non existe ningunha outra rúa ó noso criterio que teña tamén a simboloxía franquista, nós referímonos unicamente a este símbolo pero parece que a vostede lle parece pouco que tiñamos un escudo falanxista no noso Concello, parece que a vostede como que temos que ter seis ou sete para escandalizarnos, porque un non lle é de abondo, pois a nós si, seguramente o neto de Alexandre Bóveda, que vive en Sobrado, tamén lle parece escandaloso, estou seguro porque falou comigo, porque Alexandre Bóveda foi asasinado nun xuízo sumarísimo en agosto do 36 polas hostes fascistas do Estado Español, e como Bóveda moita outra xente, si, estamos falando de represión, de fascismos e de nazismo, si, estamos falando disto, si a historia está dentro dese símbolo, eu sinto que lles ofendan estas cousas non veñan vostedes ós Plenos ou auséntensen. Só dúas cousas, consensuar coa cidadanía, isto non por favor, é dicir, estamos dando cumprimento a unha Lei de ámbito estatal para meter a Barbadás na legalidade democrática e me está pedindo vostede a min que faga isto con consenso cidadán, ou sexa, que eu teño que preguntarlle, ímoslle preguntar ós veciños de Barbadás se queren estar na legalidade ou na ilegalidade, non o vamos facer, desde logo cando estamos facendo algo que nos obriga a Lei como vostedes comprenderán non vamos a pedir opinión ós nosos cidadáns porque estamos obrigados a cumprir a Lei, vostedes non teñen metido mocións para que cumpramos a Lei por exemplo en cuestións como no seguimento do IBI, e o vamos facer porque nos obriga a Lei, e isto tamén nos obriga a Lei, polo tanto non nos pidan que busquemos o consenso cidadán. Última cousa, zona protexida, si, expediente urbanístico, por suposto está en marcha, foi o primeiro que fixen, petición en patrimonio para a demolición deste escudo tamén, foi o primeiro que fixemos dende este goberno, pero tamén nos dixeron nos servizos xurídicos desta casa que era imprescindible un acordo plenario neste sentido, que é o que estamos traendo hoxe a Pleno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. Padrón toma a palabra: Dúas cousas rápidas. Primeira, está claro que hai cousas máis importantes no Concello máis ca esta, pero esta tamén é porque é cumprir a legalidade, e logo tamén quero dicir que só que exista un veciño que tivera un familiar ou alguén que foi paseado, ou expulsado



do País, exiliado por un goberno antidemocrático, ou por unha guerra non merece ver unha simboloxía que lle recorde iso, eu creo que niso estamos todos os que estamos aquí de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Dicirvos que non podemos entrar tanto en debate, deixade un pouco a historia, eu sei que é triste o que pasou, estou falando por vostedes señor Tenente Alcalde entendo, pero non nos dea clases de historia porque todos a sabemos, foi moi penoso, non lle vamos a quitar a razón porque a ten, pero a ver a miña compañeira o que non lle gustou é que esteamos nunha clase de historia despois xa dun Pleno de tantas horas. Compartimos que a simboloxías que poidan afectar á xente como di Padrón, é triste pero non entremos máis alá do tema, porque senón podemos acabar botando hasta o que non queremos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do BNG.

A sra. González toma a palabra: Eu non vou redundar moito máis unicamente dicir que dende o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego parécenos unha cuestión de xustiza que é o momento de executar o que se vota a favor, que hasta agora non se executou, que estamos falando de persoas asasinadas, de persoas paseadas, de persoas expulsadas, mulleres violadas, etc..., iso sabémolo todos, pois nos parece que é o momento agora mesmo de votalo a favor e de executalo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Dicir só que isto non é unha clase de historia, simplemente é cumprir a Lei de memoria histórica, e non esquecer o noso pasado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Señor Fírvida como vostede ben dicía, parece que se sorprendía de que nós fósemos votar a favor, pregúntolle que se cadra ó mellor esperaba que votásemos en contra da moción, é a sensación que me deu ca súa intervención. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“ Moción do BNG sobre a retirada da simboloxía franquista en Barbadás: O Pleno do Concello de Barbadás acorda eliminar a simboloxía franquista que aínda perdura no noso Concello, en base ao cumprimento da Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, e nomeadamente o escudo falanxista que se atopa na fonte de Cimadevila, na Rúa Carreira na parroquia de Barbadás”



15. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA O ACOLLEMENTO DAS PERSOAS REFUXIADAS DE GUERRA.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto é unha moción do Grupo Mixto para o acollemento das persoas refuxiadas de guerra, eu propóñoille ó señor Ramón Padrón dado que hai unha moción do grupo de goberno nese sentido, ou nun sentido semellante que se faga un debate conxunto das dúas se el o considera oportuno. ¿Si?, moitas grazas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Perante a crise humanitaria que está a acontecer nas fronteiras da Unión Europea, onde milleiros de persoas e familias se xogan cada día a súa supervivencia fuxindo da guerra e da destrución que se vive nos seus países, faise necesario emprender políticas de solidariedade. Por isto o Concello de Barbadás, debe tomar a iniciativa que non toman os gobernos e dar un paso adiante para acoller as persoas que están a escapar do conflito armado nos seus países de orixe, como solución de urxencia a esta crise humanitaria.

Dende o grupo municipal do Grupo Mixto propoñemos actuar solidariamente poñendo a disposición das persoas públicas municipais e facer o acollemento que desde os gobernos galego e español está sendo claramente insuficiente, dadas as dimensións do problema.

Por iso solicitamos que a Corporación Municipal adopte os seguintes acordos:

- 1- Poñer a disposición do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia as instalacións públicas precisas para acoller a persoas refuxiadas.
- 2- Instar ao Goberno galego a que coordene un Plan de acollida axeitado ás posibilidades de cada concello.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, cando nós fixemos a moción aínda non chegara a do grupo de goberno nin sabiamos nada aínda se ía tomar algunha medida. Como sabemos todos é un problema que xurdiu en Europa, hai un País que está en guerra que afecta a unha zona que é delicada do escenario mundial, non que hai moitos intereses e por estas causas hai un regueiro de xente que está fuxindo da guerra como no seu momento pasou no noso País, houbo xente que fuxiu tamén dunha guerra e tivo que exiliarse no exterior. Ben pois simplemente por un detalle de solidariedade creo que dende o Concello debemos facer o que poidamos, entón, nós presentamos esta moción e o primeiro



punto si que é verdade que é poñer a disposición do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia as instalacións públicas precisas para acoller a persoas refuxiadas, é algo case imposible de facer, porque as instalacións que ten o Concello, ó mellor non reúnen as condicións para acoller a esta xente, porque parece ser que vai ser por un período largo de tempo, e entón o que si queremos é que dende o goberno se potencia para que a cidadanía participe na acollida mediante axudas, que se existe algunha dependencias habitables que se poña a favor desta xente, e logo instar ao Goberno galego a que coordene un Plan de acollida axeitado ás posibilidades de cada concello. A moción foi presentada para que o goberno actúe neste tema coa máxima celeridade, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Para que se poidan debater as dúas mocións conxuntamente presentamos agora a moción do grupo de goberno.

De todos é sabido a situación de penuria, de guerra de angustia, de persecución, que hai en moitos países do Oriente Medio, Líbano, Siria, Afganistán, entón a moción vai nese sentido de apoiar todas as vías diplomáticas en procura da pacificación dos países en conflito; traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea, que non sexan políticas illadas e que cada país tome medidas pola súa conta; potenciar o diálogo e a cooperación cos países do Norte de África, aínda que aquí só se menciona o norte de África trátase tamén do Oriente Medio; reforzar así mesmo a cooperación cos países en conflito e cos que acollen un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e á Unión Europea; aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea en España, e aumentar de forma inmediata o orzamento destinado ó asilo e a acollida de refuxiados; un Plan de acollida humanitaria a refuxiados, e que o Concello de Barbadás comprométese a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio preparando dispositivos de acollida, e convidar á cidadanía a implicarse e colaborar, na medida das súas posibilidades, en relación a este tema, a este punto en concreto queremos dende o grupo de goberno e tamén especialmente dende a Concellería de Servizos Sociais trasladar o noso agradecemento a implicación que houbo por parte de moitos colectivos veciñais e de veciños particulares facendo xa propostas para a acollida destas persoas, e incluso pondo as súas vivendas a disposición e mostrando e aportando ideas para levalas adiante e facilitando axuda tamén a estes refuxiados. Por outro lado crear na Corporación Municipal unha mesa de apoio ós refuxiados; elaborar un plan, isto solicítase á Xunta de Galicia, elaborar un plan de acollida das persoas refuxiadas dotando orzamentariamente este plan, e establecer cos concellos que o demanden, unha liña de colaboración para o realoxo das persoas refuxiadas e facilitar o proceso de todas persoas interesadas en colaborar nas tarefas de acollemento. Convido, eu non vou a intervir máis porque a



moción é moi clara, convido a todos os grupos políticos, veciños e veciñas, colectivos cidadáns e sociais a que apoien e participen nesta iniciativa, e colaboren na medida das súas posibilidades na acollida de todas estas persoas. Non foxen do seu País sen máis, foxen dunha guerra devastadora e cruel, a reflexión que debemos facer considero que é seguinte, durante moitos séculos todos fomos fuxitivos dos nosos países, do noso continente, por diversas razóns, por razóns políticas como puido ser Hungría hai 50 ou 60 anos na primavera húngara, relixiosas con expulsións de xudeus que se sufriron hai moitos séculos neste País e musulmáns, económicas que as vivimos na nosa terra galega sistematicamente, e guerras como puido ser as dúas guerra mundiais, ou a guerra civil. Todos estes momentos de refuxiados contribuíron a forxar un mundo máis aberto, un mundo máis integrador que agora nos toca a nós defender dende outra óptica que é a de axudar a aquelas persoas que precisan de nós, de todos nós.

Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Primeiro Democracia Ourensana estamos sempre somos solidarios coas persoas necesitadas e é ben certo que está pasando en Europa e dóenos concretamente eu a título persoal gustaríame ter a alguén na miña casa e darlle acollida, pero quérovos dicir unha cousa que me expliqüedes como o Concello de Barbadás con 10.000 € que temos para axudar a familias necesitadas podemos traer xente, onde os vamos a meter. Mire non temos vivendas sociais, que os van meter nun pavillón como ganado, porque isto non é cuestión dunha noite, nin un día, nin de tres, isto poden ser anos, incluso xente que se arraigue e que chegue a quedarse a vivir aquí. É moi bonito falar, moi bonito dicir vamos dar axudas, pois a min díganme cousas concretas, onde van a vivir, onde vamos sacar o Concello o diñeiro para mantelos, porque eles ó principio non teñen traballo, hai que darlles de comer, hai que darlles roupa, hai que os nenos levalos ó colexio, e outro tema, eu penso que Concello de Barbadás non pode legislar, ou sexa, nós que queremos instar á Xunta, instar ó Goberno, nós que estamos encima deles, non mire, as cousas para min veñen dende arriba para abaixo, entón dicir, ¡hala Democracia Ourensana apoia!, apoia o que, é que isto a min non ten nin pes nin cabeza, vostede estivo lendo uns puntos que verdadeiramente a min non me din nada, vostede vai levar algún para a súa casa, vostede un home solteiro, sen cargas, pode levar unha familia perfectamente, empece a demostrarnos ós veciños de Barbadás que os políticos somos persoas de axudar de verdade, deixémonos de tonterías de si, vámolos a axudar, ¿como?. A min o que propón Padrón estou de acordo, si de axudar á xente, o goberno dígame como, como queren facer, porque eu creo que barita máxica de 10.000 € non nos chega nin para os necesitados que temos no Concello, e non o tomen a mal pensando que que non



quero axudar, todo o contrario, o moi pouquiño que me coñezades, sabedes que son unha persoa implicada coa xente necesitada, pero á xente hai que darlles unha saída, non é traelos ó cabo de 15 días non saber o que facer con eles, porque ese problema pode pasar, entón Concellos como Ourense falan moito mellor ca nós, ou sexa, é algo da Xunta non noso, ou do Estado, que aquí parece que nós estamos enriba de todo, pero nós non podemos legislar, hai cousas que lle compete ó Estado, e outras á Xunta, nós axudar si, pero díganme vostedes como queren axudar. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o señor Concelleiro de Servizos Sociais. Moitas grazas.

O sr. Núñez toma a palabra: Eu teño que dicir aquí que efectivamente hai que pensar en esixirle de xeito político á Unión Europea de mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas emigrantes . O mar Mediterráneo non pode ser o grande foxo para defender o castelo europeo, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas . Non son este tipo de medidas as que freeen o problema. Podo dicir, que unha vez máis o capitalismo non ten alma, só ten carteira. Débese facer un pouco esta reflexión, para responder a esta crise humanitaria hai que pensar nas intervencións militares imperialistas que son a xénese moitas veces desta crise. Os refuxiados foxen dos seus países de orixe como consecuencia da guerra e destrución causada polas sucesivas actuacións imperialistas de EEUU e dos seus aliados europeos. Os refuxiados e as refuxiadas son persoas que están fuxindo desta situación de grave conflito humanitario onde existe risco para a súa integridade e a das súas familias, e ten que alcanzar unhas condicións de vida dignas. Eu puidera referirme aquí a determinadas cuestións que se están facendo dende o grupo de goberno, pois como son cuestións que se están plantexando, como acaba de dicir o señor Alcalde pois unhas iniciativas relativas á creación dun rexistro municipal de familias e persoas interesadas no acollemento de refuxiados, onde efectivamente temos un teléfono de contacto, temos un correo electrónico onde estamos recollendo iniciativas que foi tamén unha iniciativa veciñal que nós adoptamos porque tamén se adoptou evidentemente noutros Concellos e onde estamos recollendo pois a xente que queira colaborar neste sentido. Vamos a ver, as cuestións non se trata de que as persoas refuxiadas veñan aquí e ten que ser evidentemente o Estado que é quen ten competencias neste tipo de políticas migratorias quen realmente resolva este tipo de cuestións e a xente que veña, veña coas cuestións resoltas de tipo económico, e de situación legal perfectamente



establecido no Estado Español o tempo que boten, a xente aquí non vai vir evidentemente de vacacións, vai a vir para botar ó mellor un ano, dous anos, para establecer uns novos niveis, unha nova vida na nosa terra, entón efectivamente ten que ser, nós aí temos que reclamar efectivamente ó Estado e en colaboración coa Xunta de Galicia que articule medidas con diñeiro enriba da mesa, evidentemente non vai a ser o Concello, se quixera o Alcalde intervir neste sentido, pero estou un pouco manifestando nesa liña, porque evidentemente ten que ser así. Estamos dende a Concellería en contacto directo co Fondo Galego de Emigración e coa FEGAMP, pois onde se están articulando medidas para intentar conseguir articular outro tipo de establecementos que permitan pois pór a disposición tanto do Goberno como da Xunta establecementos pertinentes onde puidérase realoxar unhas condicións de vida dignas, establecementos onde teñan pois as súas cocinas, habitacións, é dicir, non podemos albergalos directamente nun polideportivo, é dicir, estase traballando un pouco nesa liña dende este momento dende o grupo de goberno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Socialista

A sra. Morenza toma a palabra: Dicar tan só que a colaboración cidadán é moi importante que xa se artellarán medidas dende o Estado pasando pola Xunta, o Concello sería o receptor desas persoas, e xa se artellaría todo cocinado dende arriba, xa as persoas terían o seu destino para iso nós o que temos que promocionar é a colaboración cidadá que xa existe a nós xa nos teñen chamado persoas para doar roupa, para facer unha campaña de recollida de alimentos, ou sexa, existe esa actitude positiva de recepción por parte dos cidadáns, entón todo isto irase vendo e non vamos actuar precipitadamente, nin improvisando, entón todo terá o seu formato, e a través dos Servizos Sociais e xa se irá vendo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Neste tema queremos sinalar o seguinte, dous puntinhos moi claros, primeiro: no tocante á exposicións de motivos que fai o PSOE-BNG; non estamos de acordo en absoluto con afirmacións do tipo de: “o Goberno de España, xunto con outros; parece máis interesado en desvincularse dun problema que hoxe non lle afecta de cheo, etc etc.”. Estas afirmacións ás que nos ten acostumados o Bloque son cando menos subxectivas e falsas. O goberno está establecendo unha serie de medidas coordinadas co resto de Europa como non podería ser doutra maneira. De tódolos xeitos e para non debater sobre estas tonterías ás once da noite, O BNG e o PSOE teñen representantes en Madrid para criticar ó Goberno da nación, lembrámoslles que isto e o Concello de Barbadás non o Parlamento español. En segundo lugar no tocante ó Grupo Mixto tamén se pode dicir algo parecido, xa se están comparando, cando fala de que: “o Concello de Barbadás , debe tomar a iniciativa que non



toman os gobernos...” moi ben. Lembrámoslle ó Sr. Padrón que de momento é Concelleiro, aínda non chegou a deputado nin a ministro, todo poder ser, Deus o queira. Isto é importante para non perder perspectiva. Para axudar no tema dos refuxiados, é imprescindible traballar todas as facetas. Non se trata de traer 100 refuxiados e metelos no pavillón municipal, en instalación municipais para quedar ben nos medios de comunicación, que guapos somos, que Robin Hood somos, e despois ¿que?. Como atendemos a alimentación, o problema do idioma, o problema do traballo, a vivenda digna, a seguridade e a tódolos dereitos que por lei correspóndenlle a quen veñen como refuxiados, correspóndelle por lei, non lle estamos dando ningún regalo. Queda claro polo tanto que é un tema estatal, entón aclarado este punto inclúe lexislación, avogados, policía, sanidade, educación, etc., etc. Toda Europa está a tomar cartas no asunto para buscar solucións globais na medida do posible. Nembargantes os Concellos témola obriga moral de axudar e de colaborar, aí estamos de acordo, podemos estar de acordo, pero entón fagamos xestión, señor Concelleiro, que para iso é o Concelleiro responsable, colaborar cos medios ó noso alcance significa para elo e con ánimo de colaborar dende xa, propoñemos una serie de medidas a adoptar como unha emenda e ampliación, que a vamos a propoñer nós xa que vostedes non a teñen. Primeiro, deseñar una enquisa para coñecer a capacidade das nosas veciñas e veciños, con datos persoais como nome, enderezo, teléfonos, correos, tanto electrónico como demais, etc, segundo a enquisa podería conter catro ítems non excluíntes, a marcar polos interesados: a) apoio como acompañante e soamente en temas puntuais, b) voluntario para traballar con eles, c) acoller a familias refuxiadas e en que cantidade e d) adoptar refuxiados orfos. Para min son catro parámetros pero son discutibles se queren podemos falar, diso si que podemos discutir, falar de instar ó Goberno “y manzanitas calientes” penso que non ás once da noite penso que estamos cansos; terceiro crear una páxina web dende o Concello con información e para concienciar a cidadanía. Nela poderíase meter á enquisa para que a contesten a través da páxina web; cuarto, enviar a enquisa por correo ordinario como forma de: primeiro; chegar a tódolos recunchos e explotar ó máximo as posibilidades deste o noso Concello hai xente que non usa interne e hai que telo en conta, e non por iso non é máis solidaria que outro calquera, e segundo darlle publicidade ó problema; quinto punto, inventario de locais con capacidade para acoller e durante canto tempo e a cantos; sexto, coordinarse con outros concellos a través da FEGAMP, pena que vostedes se foran da FEMP, porque agora na FEMP estaban liderando estas medidas a través de todos os Concellos; sétimo, crear unha oficina para atención a emigrantes e refuxiados. Sería moi útil agora e imprescindible para o futuro, somos un Concello de acollida de inmigrantes, temos moitos con nós. Nomear unha persoa



responsable e con presenza física nela para dar, a) Información básica sobre trámites: empadramento, tarxeta sanitaria, etc; b) asesoramento xurídico e trámites de documentación: permisos de residencia e traballo, reagrupamento familiar, nacionalidade, etc; c) programas de formación profesional e inserción laboral na medida do posible; d) información e asesoramento para a validación de estudos realizados no estranxeiro, hai que darse conta que moita desta xente ven capacitada e podería aportar moitas cousas á nosa sociedade, non só veñen a recibir senón que seguramente moitos veñen a dar e hai que contar con iso, polo menos o tempo que queiran estar, ogallá poidan volver pronto, e por certo oíndo a súa intervención parece que son os yankees os que os están votando de alí, deume a sensación non sei, sería unha percepción; e) información para o acceso a vivenda; f) atención social para os solicitantes de asilo e persoas inmigrantes sen domicilio e de recente chegada; g) acollida lingüística: oferta de cursos de galego e de castelán. Oitavo punto, contactar coas ONGS que actúan neste tema que están facendo unha labor impresionante e imprescindible, o teléfono de algunha delas pode facilitarlllo ó señor Sarín e a quen o precise; procura activa de lugares axeitados para acollelos en condicións dignas, como pode ser por exemplo, alugando o Colexio de Sobrado do Bispo mediante un Convenio de colaboración ou similar, porque estas instalacións polo momento están en bo estado e son fáciles de adaptar, quizais sería o organismo máis cómodo, aportámolo como idea, xa dixó a miña compañeira que Chelo Vispo que nos vimos aquí a colaborar aínda que a veces coma vostedes nos levan a terreos inadecuados, pois parece outra cousa, visto dende fóra, a min dáme máis vergonza polos cidadáns que por nós mesmos, e décimo asinar unha partida de emerxencia este ano e dotación doutra definitiva nos presupostos do ano que ven, para atender estas necesidades. Con estes dez puntos, con este decálogo poderíamos estar en condicións de apoiar a moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Mire voulle contestar, eu creo que ironías as xustas neste asunto. Despois desta quenda vou ser breve pero claro, ironías as xustas, en primeiro lugar cando se fai mención nesta moción ó Goberno central, eu quero lembrarlle que durante moitos días, o Goberno central deste País presidido polo señor Mariano Rajoy e dirixido polo Partido Popular puxeron obstáculos sistemáticos á acollida de 2.000 persoas, de 2.000 refuxiados, agora estamos falando de 15.000 ou 16.000, durante moitos días o Partido Popular opúxose á entrada desas persoas neste País. Segunda cuestión, nesta moción o que se está falando é de instar ó Goberno central e á Xunta de Galicia a que poñan, a que aporten economicamente unha partida para atender a estas persoas, de feito quero lembrar senón estou mal informado, senón lembro mal que o Goberno central acaba de destinar 200 millóns de euros a este asunto. Volvo a dicir aquí tamén consta unha petición á Xunta de Galicia a



través de Traballo e Benestar que faga os seus deberes, e o que reclaman todos os colectivos entre eles a FEGAMP, a Federación Española de Municipios e Provincias, e volvo repetir estamos na FEGAMP, e a FEGAMP está facendo ben o seu traballo e ademais o señor Serafín Núñez está continuamente en colaboración e en contacto con ese colectivo con esa asociación é a que nos está dando as indicacións de como actuar, vostedes non nolas van a dar, cando o seu partido foi o primeiro en poñer obstáculos e trabas a entrada destas persoas no noso País, volvo a dicir, poñían obstáculos a 3000 persoas, agora claro como a señora Merkel, e actúa como man divina, aceptan 15.000. Quero lembrar que os refuxiados españois da guerra civil foron acollidos en México, Arxentina, en Francia, e polo tanto foron atendidos debidamente, e nós debemos ser solidarios, non estou dando ningunha lección de historia pero é a realidade, e quero dicir que aquí hai que utilizar as varas de medir por igual, volvo a dicir, as varas de medir teñen que ser por igual para todo o mundo, entón a quen lle compete elaborar as medidas de acollemento é ó Goberno Central e ó Goberno Autonómico. Estes refuxiados precisan non dun pavillón de deportes para ser atendidos, senón que reclaman e pídese un lugar para instalarse de forma estable, polo tanto o colexio de Sobrado agora mesmo non é o máis acaído para iso, estou dicindo que alí non hai, necesitan vivendas, si estiven no colexio de Sobrado, estiven dentro, e moitas máis cousas. Remato, por favor non xoguemos cos sentimentos das persoas, que son persoas e están sendo maltratadas. Señor Ramón por favor.

O sr. Padrón toma a palabra: Cando nós presentamos esta moción era para instar ó Concello a que debe tomar a iniciativa, e cando quitamos o punto número un que é falar de instalacións para que non se malentenderan que eran polideportivos e cousas desas, dixemos que era potenciar á cidadanía, entón está claro que a moción tivo éxito porque está claro que aquí xa se presentaron iniciativas de rexistro de cidadáns para o tema de recoller os exiliados, todas as medidas que presentou agora mesmo o representante do Grupo Popular, entón está claro que algo podemos facer, que o Concello algo pode facer, xa sabemos que é competencia do Estado, o Estado é o que vai mandar os cuartos, pero o Concello podemos facer ese tipo de cousas que expuxemos agora aquí, o grupo de goberno que se poña a traballar nelas, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu penso que todo é máis fácil do que estamos dicindo, simplemente é o Concello de Barbadás pórse a disposición da Xunta e do Estado Español, nada máis, poñernos a disposición deles que se nos teñen que mandar para o Concello de Barbadás, mil, dous mil, cen ou douscentos ten que vir o diñeiro do Estado, axudarnos para podelo ubicar, o demais estar falando,



falando, falar por falar, pero nós non podemos facer nada, simplemente poñernos a disposición, é que é tan fácil coma iso, nós non temos que legislar, non temos que mandar, simplemente mandarlle á Xunta ou o Goberno o que faga falta, dicindo o Concello de Barbadás está disposto a axudar ás persoas, estamos á vosa disposición o demais podemos votar aquí toda a noite dicindo tonterías. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Serafín Núñez ten a palabra.

O sr. Núñez toma a palabra: Moi ben imos ver, por responder un pouco ó voceiro do Partido Popular, porque parece que ás once da noite falando de tonterías di o señor voceiro, é dicir, aquí non se está falando de tonterías, si para vostede ou para os seus compañeiros é moi tarde para falar dos refuxiados e das refuxiadas Sirias, collan a porte e váianse para casa, de acordo, e abandonen este Pleno porque isto non é ningunha tontería, de acordo, se para vostedes isto é unha tontería, pois apaga e vámonos, eu que lle podo dicir, que dende este grupo de goberno, estamos traballando día a día en colaboración co Fondo Galego de Inmigración e ca FEGAMP, e temos información clara e concisa do que se nos está pedindo dende estes organismos para levar, pódolle dicir por exemplo, que mañá vai haber unha reunión en Madrid da FEGAMP coa Conferencia Sectorial de Inmigración, que van a levar pois os recursos que neste momento os concellos puideron ir ofertando, é dicir, nós temos recentemente constituída a semana pasada un Rexistro Municipal como dixen de familias ou persoas interesadas na colaboración e tarefas de acollemento, onde temos rexistrado pois a xente que está solicitando participar neste tipo de tarefas, é dicir, nós non vamos acoller á xente e evidentemente, nós vamos acoller a xente que se anote neste tipo de rexistro, as familias que se interesen, algunhas estarán interesadas pois en dar clases de lingua ás persoas que veñan, outras estarán interesadas en acollelos e evidentemente ten que se o Estado en colaboración coa Xunta de Galicia quen destine o orzamento preciso para a manutención desta xente que veña, estes refuxiados que veñan, que di vostede que é unha tontería. Dicir, non necesitamos ningunha enquisa, nós o que necesitamos é publicitar cousas e falar coa xente para que a xente nos transmita se efectivamente teñen esas inquedanzas, e se van efectivamente a participar con nós en este rexistro, e nós evidentemente locais municipais estrito senso para poder, digamos albergar estas persoas con esta problemática non os temos, porque xa lle dixen e creo que o vai a recoller a moción e se falou hoxe aquí que efectivamente teñen que ser aloxamentos cunhas condicións determinadas, e estamos traballando non precisamos que vostedes nos veñan a falar de arraigo de non sei onde, estamos traballando en negociar con outro tipo de institucións con quen sexa pertinente para intentar negociar e se non é de titularidade municipal que



podían ceder instalacións precisas para albergar á xente, se está traballando nesta liña.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Nós dicir que nos parece unha absoluta falta de respecto que o Concelleiro Manuel González cualifique de tonterías falar do tema dos refuxiados a estas horas, opino o mesmo que Serafín se non lles interesa estar aquí debatendo deste tema que ven na orde do día, pois non estean, abandonen o salón de Plenos, e dicir tamén que somos coñecedores de que somos coñecedores de que as administracións públicas teñen un esquema piramidal, Europa, Estado, Xunta e Concello, o Concello de Barbadás seremos os receptores desas persoas e trataremos de axudalos, nós o que temos que facer desde aquí é o que se está facendo, promover a participación cidadá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o señor Manuel González.

O sr. González toma a palabra: Vamos a ver ó mellor falei moi rápido con ánimo de non alargar moito esta sesión e non se me entendeu ben, a ver se podo aclaralo. Dende logo tontería os refuxiados non son e o que non o entendeu así, non é esa a miña intención, o que si é unha tontería é que nós puxemos dez medidas aquí completas para aportar cousas ó Concello, e por parte do Concello non se nos puxo practicamente ningunha, brinde ó sol, falando de que se vai falar, de que se vai facer, a día de hoxe aínda non se puxo esa enquisa en marcha, non sabemos de que medios dispoñemos, e que se lle ofertou ó Goberno Central, ¿algo?, iso é o que tiñan que falar vostedes aquí, por iso dicía que estabamos facendo perder o tempo. En canto ó señor Alcalde, ten vostede deputados alí, estou de acordo, ó mellor poden estar de acordo con algunhas cousas, dígalle ós señores deputados de alí, pero aquí non tocan esas cousas, a tontería é perder o tempo falando do que non podemos facer nós, e non perdelo ó mellor, a min gustaríame saber esa enquisa que ten, porque eu teño algunha máis que ó mellor se podería cotexar e mellorar de cara á recollida de inmigrantes, e á recollida de refuxiados neste caso que é o perentorio, non se nos falou nada diso, só se nos falou de que se ía instar e tal, o que facemos habitualmente, iso é unha tontería, perder o tempo, se falamos de cousas concretas estamos dispostos por iso dixen hai un cambio, a partir de aquí este decálogo de medidas, se o aceptan, ou propoñen ou debatemos, estupendo, falamos ata as 3 da mañá, sen problema ningún, o demais son tonterías. Se falamos de demagogia, se falamos do Goberno Nacional, falemos da Alianza de Civilizacións que deses caldos veñen estes ventos.

O sr. Alcalde toma a palabra: A Alianza de Civilizacións probablemente sexa unha das mellores ideas para poñer en contacto Europa, Norte de África e Oriente Medio, pero vostedes non o comprenden, é así de sinxelo, son como dixo o señor Serafín, montan castelos, montan obstáculos,



para que haxa ese intercambio cultural e persoal, así ocorren as cousas que están ocorrendo, da incompreensión é do que xorden precisamente estes problemas. Moitas grazas.

Hai que someter a consideración as emendas o Partido Popular a estas dúas mocións, votos a favor das emendas do Partido Popular, votos en contra, abstencións. O votos de calidade en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do Partido Popular e Democracia Ourensana, os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG e as abstencións do Grupo Mixto: **“Emendas do Partido Popular ás mocións presentadas polo Grupo Mixto e o grupo de goberno, para o acollemento das persoas refuxiadas de guerra, e Moción relativa á crise migratoria e á situación dos refuxiados que chegan a Europa”**

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto para o acollemento das persoas refuxiadas de guerra: 1- Poñer a disposición do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia as instalacións públicas precisas para acoller a persoas refuxiadas; 2- Instar ao Goberno galego a que coordene un Plan de acollida axeitado ás posibilidades de cada concello”**

16- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE BARBADÁS RELATIVA Á CRISE MIGRATORIA E Á SITUACIÓN DOS REFUXIADOS QUE CHEGAN A EUROPA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non podemos aceptar como inevitables as traxedias humanas que viven os refuxiados nin as mortes de persoas que se afogan no Mediterráneo ou se asfixian encerrados nun camiión. Non os podemos deixar a mercé dos traficantes de persoas sen escrúpulos no camiño cara a un futuro mellor, porque se non teñen outra alternativa na súa fuxida, seguirán arriscando as súas vidas.

Aínda que Europa non estea a acoller en termos relativos o maior número de refuxiados nesta crise humanitaria, o certo é que as capacidades de moitos países están a verse desbordadas. Nesta crise, a ruta de entrada a Europa atópase lonxe de España. Maioritariamente, as vías de entrada con destino aos países do Norte atópanse en Grecia e Italia. Con todo, a crise está a por a proba a todos os dirixentes europeos porque case todos eles estanse vendo afectados por ela nunha ou outra medida.

A dimensión da crise é inabordable por ningún país en solitario. Nestas circunstancias é necesario que todos os países se involucren ao máximo en buscar solucións aos problemas e desde a Comisión



europaea fixéronse propostas para que todos os países da Unión actúen conforme ao principio de solidariedade. Con todo, o Goberno de España, xunto a outros, parece máis interesado en desvincularse dun problema que hoxe non lie afecta de cheo que en ter unha actitude proactiva e solidaria. Desde logo que non existen fórmulas sinxelas para acometer todas as actuacións que é necesario abordar para mitigar un problema que resulta de máxima complexidade na súa raíz e nas súas derivadas. Son necesarias medidas locais, nacionais, europeas e internacionais, medias a curto, medio e longo prazo, plans e perspectivas novas para un problema que se manifestou como nunca o fixo. Debemos apartarnos do ensimesmamento ou da resignación que non conducen máis que á repetición dos problemas e, por suposto, debemos de abandonar unha posición que non está en consonancia co sentir maioritario dunha cidadanía que si é solidaria. Aínda está viva na memoria a solidariedade que outros mostraron con quen tamén tiveron que fuxir do noso país por motivos da guerra e posterior persecución que viviu. Dar as costas a quen hoxe o necesita é inxusto en si mesmo, e ademais, un torpe precedente ante futuras situacións de crises que si poidan por en cuestión a capacidade do noso país.

Seguramente non serán as únicas propostas válidas e viables, pero si consideramos que son os mínimos para comezar a traballar na boa dirección. Como primeira medida, vimos de constituír o Rexistro Municipal de familias ou persoas interesadas na colaboración das tarefas de acollemento das persoas refuxiadas.

Por todo iso, o Goberno do Concello de Barbadás presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno do Estado a:

- Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na procura da pacificación dos países en confuto.
- Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.
- Potenciar, desde unha perspectiva global, o diálogo e a cooperación os países do Norte de África que permitan unha adecuada atención aos refuxiados e seguir traballando para evitar a actuación dos traficantes que poñan en perigo as súas vidas.
- Reforzar así mesmo a cooperación cos países en confuto e cos que acollen a un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e a Unión Europea.



- Aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea e aumentar de forma inmediata o orzamento destinado ao asilo e a acollida de refuxiados.
- Deseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA e a FEGAMP.
- O concello de Barbadás comprométese a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio preparando dispositivos de acollida, e convida á cidadanía a implicarse e colaborar, na medida das súas posibilidades, na atención e axuda aos refuxiados.
- Desenvolver unha campaña de sensibilización da poboación sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e aos dereitos humanos, e que, así mesmo, procure previr a aparición actitudes racistas ou xenófobas.
- A Corporación Municipal creará unha Mesa de Apoio a Refuxiados para realizar un traballo estable e permanente que pona en marcha as diferentes medidas para a súa mellor atención e apoio.

Instase tamén á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza:

- Á elaboración de inmediato dun Plan de Acollida das persoas refuxiadas dotado de orzamento a tal fin.
- Establecer cos concellos que o demanden, unha liña de colaboración para o realoxo das persoas refuxiadas e facilitar o proceso a tod@s @s interesad@s en colaborar nas tarefas de acollemento.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do Grupo de goberno do Concello de Barbadás relativa á crise migratoria e á situación dos refuxiados que chegan a Europa: Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na procura da pacificación dos países en confuto. Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira. Potenciar, desde unha perspectiva global, o diálogo e a cooperación os países do Norte de África que permitan unha adecuada atención aos refuxiados e seguir traballando para evitar a actuación dos traficantes que poñan en perigo as súas vidas. Reforzar así mesmo a



cooperación cos países en confuto e cos que acollen a un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e a Unión Europea. Aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea e aumentar de forma inmediata o orzamento destinado ao asilo e a acollida de refuxiados. Deseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA e a FEGAMP. O concello de Barbadás comprométese a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio preparando dispositivos de acollida, e convida á cidadanía a implicarse e colaborar, na medida das súas posibilidades, na atención e axuda aos refuxiados. Desenvolver unha campaña de sensibilización da poboación sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e aos dereitos humanos, e que, así mesmo, procure previr a aparición actitudes racistas ou xenófobas. A Corporación Municipal creará unha Mesa de Apoio a Refuxiados para realizar un traballo estable e permanente que pona en marcha as diferentes medidas para a súa mellor atención e apoio. Instase tamén á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza .A elaboración de inmediato dun Plan de Acollida das persoas refuxiadas dotado de orzamento a tal fin. Establecer cos concellos que o demanden, unha liña de colaboración para o realoxo das persoas refuxiadas e facilitar o proceso a tod@s @s interesad@s en colaborar nas tarefas de acollemento.”

17.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE A SINALIZACIÓN DE POZAS, POZOS E MINAS NO RURAL.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a moción do Grupo Mixto sobre a sinalización de pozas, pozos e minas no rural, ten a palabra o seu voceiro o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Dende o noso grupo, somos consciente do abandono que sofren os nosos montes nos que se atopan innumerables pozas, pozos e minas que constitúen un perigo para as persoas que se internan neste practicando sendeirismo, rutas a cabalo, a motor, desbroces, recollida de leña, actividade dos axentes forestais e de extinción de incendios, e moitas outras, ven de recoller esta preocupación de moitos veciños e veciñas. Por iso, queremos por en coñecemento do grupo de goberno a necesidade de obrigar ós propietarios das fincas, sexan privadas ou públicas, que carezan de peche perimetral onde exista unha poza, pozo ou mina que representen un perigo real a que faga cumprir esta serie de medidas:



- Proceder a tapalas con algún material sólido e duradeiro.
- Sinalizalas para que poidan ser vistas a unha lonxitude determinada.
- No seu caso e se o propietario así o decide proceder ao seu selo definitivo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Estou de acordo completamente coa medida que propón Padrón, está pensada nos veciños, porque é ben certo que cada vez a máis xente lle gusta facer sendeirismo, ir as setas, caza, e penso que estivo pensando en todo momento nos veciños. Ben por el, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira ou voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Toma a palabra o señor Tenente Alcalde xa como goberno, para axilizar o debate.

O sr. Fírvida toma a palabra: Nós estamos totalmente de acordo, ademais agradezo que se nos traian mocións deste estilo, que se nos alerte da necesidade de facer algunha cousa no noso Concello, como pode ser evitar accidentes que ás veces teñen acontecido en outros lugares, e que son accidentes mortais en algún caso, polo tanto aceptamos esta moción.

A sra. Morenza toma a palabra: Nos últimos días e antes incluso da presentación desta moción déronse pasos tendentes a instar ós e ás propietarios a sinalizar e protexer este tipo de instalacións, fíxose en atención ás peticións de varios veciños, xa dende hai anos incluso estando na oposición estes concelleiros, recentemente no incendio preto de Godexás, en Piñor, apareceu un pozo entre a maleza, o que alertou da necesidade de actuar. Esta moción do Grupo Mixto é positiva neste sentido, e dende o servizo de urbanismo actuarase en base aos artigos 9 e 199 da Lei do Solo, que obriga a tapar e sinalizar estas fontes e minas e pozos, e agardamos contar coa colaboración cidadá e dos propios propietarios deste tipo de pozos que poden resultar perigosos porque se trata dunha labor minuciosa na que todos debemos colaborar. Anunciamos que editaremos un bando, lembrándolle ós donos e donas de pozos e minas que teñen a obriga de mantelos nas debidas condicións, así como cumprir as normas de protección dos mesmos.

O sr. Fernández toma a palabra: Vamos a ver, o fondo da moción parécenos axeitada en toda regra, vamos a ver o que si que lle recomendo ó señor Padrón é que cando presente algunha moción a amplíe un pouquiño máis e dea unhas pistas de como se pode acadar o tema. Vamos a ver, non basta só con recordarlle aos veciños por medio dun bando a obriga que teñen de manter as súas propiedades debidamente sinaladas ou protexidas contra calquera tipo de perigo para as persoas, hai que ir un



pouquiño máis alá, elaborando un catálogo de todos os pozos, pozas, e minas que poidan ser susceptibles de perigo e de causar danos á xente que poida transitar por ese lugares, para elo deberíase falar cos diferentes colectivos que existen no Concello, asociacións de veciños, deportivas de cazadores, forestais, ademais cos maiores do pobo, que son realmente quen coñecen onde quedaban, esas pozas e minas, porque hoxe en día están case todas cubertas por a maleza, ademais dende o Concello poderíase facilitar aos propietarios os medios para poder sinalizar ou protexer este tipo de construcións, incluso a través de algún tipo de pequena subvención pensamos que sería bastante asumible economicamente para un Concello das nosas características, e elo s que axudaría de verdade a seguir ese obxectivo, nada máis, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ¿algunha quenda de palabra máis?. Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Si, quero recordarlle ao representante do Grupo Popular que a labor nosa non é gobernar e poñer medidas, senón alertar ao Grupo de Goberno das diferentes situacións que pode haber no Concello, poñemos unha serie de medidas, está claro que vostede aportou outras, que seguramente escoitará a Concelleira de quenda e as poñerá tamén, si son positivas cando execute estas cousas, quero dicir tamén que o que, mire o que dixo despois é todo positivo está claro, pero para primeiro alertar do problema e que non pase nada, pois o bando é o primeiro que hai que facer, ¿non?, despois o rexistro e esas cousas, evidentemente o grupo de goberno terá que traballar sobres esas cousas, pero iso leva máis tempo.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a seguinte moción **“Moción do Grupo Mixto sobre a sinalización de pozas, pozos e minas: Proceder a tapalas con algún material sólido e duradeiro. Sinalizalas para que poidan ser vistas a unha lonxitude determinada. No seu caso e se o propietario así o decide proceder ao seu selo definitivo.”**

18- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Pola Presidencia dáse conta da Resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior.



19- ROGOS E PREGUNTAS.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu simplemente quero facer unha pregunta é saber cantos concelleiros das que estamos aquí están tamén presentes na Deputación Provincial, e xa que a Deputación Provincial é un organismo que nos afecta en moitas materias, pois quixera que nos dixeran pois que están a facer en favor deste Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: A única que é concelleira e Deputada Provincial é a señora Consuelo Vispo, se quere formular a pregunta doutro xeito ou se quere preguntar por algo en concreto, agradézollo

O sr. Padrón toma a palabra: Eu preguntáballo o grupo de goberno por si había algunha persoa do grupo de goberno tamén, si solo é a señora Consuelo Vispo pois deixámolo para outro día, ou si quere ela explicarse nalgún Pleno, ou que é súa labor dentro da Deputación con relación co Concello de Barbadás, nada máis.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu non quero facer ningunha pregunta, simplemente quero facer unha suxestión, espero que os plenos sexan non con tanta retórica con tanta charla, non con tanto discurso, un pouco máis amenos porque eu pérdome. Mire voulle dicir unha cousa, a min cando me falan clariño e pouco entendo perfectamente, agora cando me empezan como a señora Victoria, rum rum, que estamos mirando o reloxo, que mándano parar, non mire, por favor isto non é un discurso, porque se vamos a discursos eu para o próximo vou traer un discurso que o vou bordar, porque aínda que non sexa boa escribindo xa buscarei quen me o escriba, pero non se trata disto, trátase de que temos que gobernar con cabeciña e sen discursos, porque para telenovelas vamos para a televisión de Galicia. Grazas.

O sr. González toma a palabra: Son dúas preguntas e dous rogos. Primeiro as preguntas, por que non se trae o Regulamento de participación ó Pleno, porque este Pleno atrasouse precisamente para poder acabar coas alegacións e demais.

O sr. Alcalde toma a palabra: O regulamento de participación cidadá xa está aprobado, non houbo alegacións.

O sr. González toma a palabra: ¿ E o motivo de atrasalo Pleno entón?

O sr. Alcalde toma a palabra: Había que esperar as alegacións, para que finalizara o prazo de alegacións.

O sr. González toma a palabra: Correcto, segundo ¿gustaríanos saber con que despacho de avogados traballa o Concello?



O sr. Alcalde toma a palabra: Agora mesmo co señor Alberto Arca Fresco, pero é un asunto puntual o que levou o señor Alberto Arca Fresco, non hai ningún despacho de avogados co que colabore habitualmente, ata agora colaboraba sempre co do señor Atrio que ademais encargouse da defensa do señor Freire no seu momento

A sra. Vispo toma a palabra: Iso é un tema particular, non ten nada que ver .

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero coincide, iso é unha realidade tamén

O sr. González toma a palabra: Dous rogos, o primeiro é si se podía repasar a numeración das casas e dos letreiros en moitas calles, que parece ser que lle faltan, digo de cara pois por exemplo a carteiros, a servizos de urxencias, si é posible, nalgunhas, na medida que se poda, é unha petición pois na medida do posible, depende das posibilidades económicas do Concello, pois que se repase si se pode corrixir nalgún caso, sen molestias para os veciños, pois sería interesante se se pode. E por último solicitamos como ben dixo antes a compañeira as nóminas dos Concelleiros.

O sr. Alcalde toma a palabra: Iso debería pedirse por escrito.

A sra. Secretaría toma a palabra: ¿ É a primeira vez cas solicitan? ¿ agora mesmo?

O sr. González toma a palabra: Si, falouse antes nelo no Pleno, si fai falta o solicitamos por escrito

A sra. Secretaría toma a palabra: Non fai falta, xa queda na acta

A sra. Vispo toma a palabra: Copia da seguridade social e copia das nóminas, imaxínome que hai ven todo recollido.

A sra. Secretaría toma a palabra: Nómina completa dos Concelleiros.

O Sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Sobre o do rueiro, xa había un plan elaborado polo Partido Popular polo anterior goberno para facer e para actualizar todos os rueiros do Concello de Barbadás e a numeración o que pasa é que está paralizado, hai un proxecto na oficina de abaixo que nos pasou Rosa e que nos dixo que por favor o reactiváramos, porque leva paralizado moitos meses, nós reactivámolo e vamos a intentar rematalo o antes posible.

O sr. Alcalde toma a palabra: A señora. Chelo Vispo parece ser que tiña algunha cuestión.

A sra. Vispo toma a palabra: Si, a cuestión, creo que por parte da Secretaría, retomouse o tema da comparecencia dos Concelleiros, e creo que vamos a ver son as doce menos dez da noite e o único que quero para non alargar máis este tema que si todos saben, expoñer o que pasou no parque dos Patos, porque traemos a comparecencia do Concelleiro, é polas contestacións que deu as nosas preguntas, si esas contestacións foran certas nós non traeríamos a comparecencia do Concelleiro neste momento, entón soamente si Silvia ten a ben, eu exporei o que pasou cinco minutos, e si farei unha serie de



preguntas ao Concelleiro ou señor Alcalde, a min dáme igual.

O sr. Alcalde toma a palabra: Quen ten que ter a ben é o señor Alcalde, non a señora Secretaria

A sra. Vispo toma a palabra: Non, pero é polo tema de que si sabemos si podemos pedir a comparecencia,

O sr. Alcalde toma a palabra: No sentido da comparecencia.

A sra. Vispo toma a palabra: Que o outro día na comisión se dixo que non, pero efectivamente si se pode, entón para que nos quede para os próximos Plenos, e para todos os Concelleiros que saiban que si se pode pedir a comparecencia, vamos a ver tamén podó pasar unha copia a Democracia Ourensana e Grupo Mixto do que pasou no mes de xuño nos Patos, e o que pasou foi o seguinte eu cheguei as dez da noite, despois dun acto do Concello que nos invitaron a todos e que foi a inauguración do Centro do Día e eu cando chegue abaixo aos Patos pois a xunto de mi familia, estaba o meu fillo alí e unha serie de amigos, estábamos sentados e veñen os nenos que estaban alí, pois dunhas idades xa adultas, o sexa máis ou menos maiorciños e me din que hai unha serie de pastillas para as ratas no areeiro do Parque dos Patos, entón eu levántome, collo o meu móbil, vou cara alí, e efectivamente se habían recollido xa, eu teño, e o sigo dicindo que non é visto nin a primeira, pero si podó corroborar de que os nenos me din, pois que a persoa que ten alí de camareira o xerente da Cafetería do Parque dos Patos recollera sobre 30 pastillas, entón eu diríxome cara el, el me confirma que efectivamente amósame a bolsa, e non podó dicir si eran 20, 28 pero había unhas cantas, entón ante a magnitude de tal feito en un areeiro onde había nenos, onde había adultos, onde me viron que efectivamente algo pasaba, teño que dicir que eu non vin nada porque xa estaban recollidas, pois entón Víctor o xerente da cafetería xa había avisado nese momento ao responsable do Concello dos parques e se presentou alí, entón eu para non alarmar á cidadanía o que fixen foi dicirlle a esta persoa que avisara ó señor Alcalde, que xa o habían avisado as persoas que estaban alí, e que realmente me habían visto, o que estaba pasando para non facer unha alarma social, pois entre os tres apareceu o señor Alcalde e o señor Concelleiro, tomamos a decisión de que se tomaran as medidas oportunas ó momento, para que non pasara iso, xa eran as once da noite e entendíamos que as familias ían a marcharse, e ante que eu non vin ningunha pastilla, nin nada, pois senón xa eu creo que houberamos tomado a decisión de chamar á Policía e precintar o Parque, cousa que pois quen ten que tomar a decisión é o Grupo de Goberno, entón o Grupo Popular o que fixo foi axudar nese momento ó Grupo de Goberno para que non se alarmara e tomamos a decisión ó día seguinte de que se mantivera informada en todo momento do que estaba pasando no Parque dos Patos ante a gravidade. Pois tiven que presentar estas preguntas



por escrito porque ninguén tivo a decencia de chamarme nin de dicirme como estaba este tema, se nós nese momento fora ao revés e o teño segurísimo xa estaríamos crucificados, pero o que fixemos foi, non unha alarma social, porque podíamos pensar dito pola persoa que leva o tema dos Parques, de que había pastillas colocadas en outros parques infantís, entón tomamos a decisión pois de facer estas preguntas e que se retirara todo. Logo vou a pasalas e aquí se nos amosa, o señor Concelleiro de Parques nos contesta, nos mandan unhas fotos que efectivamente o anterior Goberno que era o Partido Popular comprou estes botes, lle damos a razón, aquí están as facturas e é obvio pero nós o que si e desde este momento teño que dicir, é que o utilizabamos para poñer nos sumidoiros e aquí a miña esquerda está a miña compañeira que levaba nese momento a Concellería, falamos con todas as persoas que estabamos nese momento gobernando e ninguén tiña coñecemento, e o teño que dicir moi claro, por que a contestación que ven aquí, di que a persoa que levaba o tema de parques se utilizaba anteriormente, e teño que dicir que o Partido Popular en ningún momento deu a orde, mentres o Concelleiro que agora mesmo si está gobernando, deulle a orde por escrito á persoa que se encarga dos Parques, ante a negligencia de todo isto que pasou e que puido ter consecuencias moi graves, iso é polo que traemos estas preguntas aquí, porque non é certo, si é certo que o Partido Popular comprou estas pastillas, e vostede o sabe que llo dixeron, pero realmente se compraron para por onde se poñen e onde é legal, nos sumidoiros, en ningún momento se lle deu orde a ninguén durante os oito anos que estivemos aquí, anteriormente eu non pode falar porque non estaba, esas pastillas en ningún areeiro e en ningún oco para matar as ratas, en ningún momento, entón o que si quero dicir é que este señor se retracte de todo isto porque nós non temos este tipo de negligencias, entón o único que quero é iso, non vou facer ningunha pregunta porque están contestadas aquí, se quere agora vostede diga o que queira e eu lle rebato, porque creo que é ao revés. Perdón, perdón e tamén hai outra cousa, vostede sabe aquí pon unha das preguntas, que non me deu localizado, vostede sabe que calquera persoa aquí en Barbadas, localízame en dous minutos, e aquí está o teléfono que eu usaba, e que está o meu nome e o teñen aquí no Concello, segundo localízanme no meu posto de traballo, que para estes temas non fai falla salgo a onde sexa, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Concelleiro de Parques.

O sr. Sierra toma a palabra: Boas noites ante todo, quero dicir que o que dixos do areeiro, no areeiro non se puxeron as pastillas, iso está claro, no areeiro non se puxeron, segundo quero dicir que a orde que din, ten vostede copia senón teño eu aquí, paseille o informe a Don Xosé Nóvoa que era o responsable, iso que trae aquí a cousa, eu o único que lle comentei ratas nas inmediacións do Parque



do Patos, esa persoa dixo que o estaba facendo sempre, sempre que se fixera así, iso é o que se me dixo, iso colocouse nos buratos do Parque, eu o único que quero dicir é que foi o principio de todo, eu este problema encontreime practicamente recen chegado, o do teléfono esquecéuseme por completo chamarte, cando recibín a notificación sabes que xa te chamei ese mesmo día dicindo que te ía a mandar o escrito, que ó cabo de tres días xa estaba o escrito feito iso é, o tema é ese, non é nada máis, a min se me asegurou que se fixera así na anterior lexislatura, outra cousa non teño nada máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Temos que acabar antes das doce da noite por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Só un tema, vamos a ver non é certo que se utilizara e aquí temos probas, e ninguén sabía nada, pero si a vostede os din iso ¿o seguen pondo nos areeiros? Esa é miña pregunta.

O sr. Sierra toma a palabra: Non.

A sra. Vispo toma a palabra: Pois estaba posto.

O sr. Sierra toma a palabra: Non, está contratada unha empresa de desratización xa para iso, o vaise contratar mellor dito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo recordar, eu creo recordar, con posibilidade de erro, de que a persoa que interviúu aquel día, que estaba vostede e eu, dixo que se estivera facendo sempre así, estabamos presentes todos, e vostede estaba presente, creo recordar.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver señor Alcalde, si, si eu estaba presente, pero eu ao día seguinte ante a magnitude de isto, preguntei aos meus compañeiros, de feito está o veneno aí, que se utilizaba para pór nos sumidoiros, pero nunca para os areeiros, ninguén deu esa orde, e se a houberamos dado, vamos ninguén ten coñecemento de que ese señor fixera iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Creo lembrar que nas respostas, non se indica nada en relación a que se dera esa orde, simplemente se di que sempre se fixo así.

A sra. Vispo toma a palabra: O dixo diante de vostede e del, que lle había dado a orde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non pero refírome a anos anteriores, a anos anteriores que sempre se fixera así. E iso estaba vostede presente, igual ca min, e o dixo ¿verdade que si?, pois xa está, xa está, pouco máis debate hai. Nós evidentemente non temos unha persoa detrás de vós para saber si é certo ou non. Moitas Grazas

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por



CONCELLO DE BARBADÁS

finalizada a sesión, sendo as 23:59 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL